



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 18 de novembro de 2021 (1101/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezoito de novembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1017).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de novembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1018).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”. EXPTE. 884/441.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/11/2021, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)” (884-441)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)” (884-441)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”, redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral pola Xefa do Servizo de Contratación con data 4 de xuño de 2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS” (237.277,80 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 41.180,44 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1710 6190061 “ACONDICIONAMENTO TORREIRO VALADARES”, segundo a distribución de anualidades proposta:*

2021	237.277,80 €
------	--------------

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de outubro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)” (884-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	94,79
2	NAROM, S.L.	92,66

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., o día 15 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 27 de outubro de 2021, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días para que puidese acreditar correctamente a solvencia técnica de conformidade cos requisitos recollidos na cláusula 8.4.4º do PCAP.

O licitador presentou nova documentación o 8 de novembro de 2021, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de setembro e 8 de outubro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de outubro de 2021 de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando ao non presentar xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.*
2. *Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)” (884-441) por un prezo total de 207.618,08 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.032,89 euros.*



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1019).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA (FASE II)". EXPTE. 959/441.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/11/2021, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA FASE II", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de xullo de 2021.*

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.234.891,89 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 734.981,24 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539 6190000 "PRTE-EU, Mov.R.Venezuela-Nicaragüa", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	4.234.891,89 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de outubro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de setembro de 2021, polo que non se admitiu á UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. neste procedemento por ter presentado dúas proposicións, non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición (artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cláusula 13.6 do PCAP e, entre outras, resolución nº 137/2021 do 9 de xullo de 2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia).*

*Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que presentaran xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto:*

1. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
2. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,90
2	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. Y ORECO, S.A.U.	96,86
3	UTE DRAGADOS – PETROLAM INFRAESTRUTURAS	92,49



## Concello de Vigo

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	80,21
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	76,03
6	UTE CONSTRUCCIONES RAMÍREZ – ARIAS INFRAESTRUCTURAS	65,35

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 28 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 5 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 28 de setembro de 20 de outubro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de setembro de 2021, polo que non se admitiu á UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. neste procedemento por ter presentado dúas proposicións, non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición (artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cláusula 13.6 do PCAP e, entre outras, resolución nº 137/2021 do 9 de xullo de 2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia).*
2. *Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de outubro de 2021, dos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que presentaran xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto:*
  - *OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.*
  - *UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.*
3. *Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441) por un prezo total de 3.645.818,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 632.745,35 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### 4(1020).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI". EXPTE. 957/441.

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/11/2021, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 12 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI" redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de 570.000,00 €.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23/07/2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 98.925,62 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.86 (Hum. Rúa Aragón, 6ª Fase), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2021	570.000,00 €
TOTAL	570.000,00 €

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de outubro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Aragón, fase VI” (957-441) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,38
2	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	94,37
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,05
4	UTE RÚA ARAGÓN FASE VI (ACEVI – MONTAJES J.M. IGLESIAS)	92,34
5	ORECO, S.A.U.	90,53
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	74,31

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, S.L., o día 29 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 4 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



**Concello de Vigo**

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVAN INTEGRAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVAN INTEGRAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas DATA 18 e 21 de outubro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Aragón, fase VI” (957-441) por un prezo total de 494.076,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.748,73 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1021).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN, FONTES, TÚNELES E DE ENERXÍA RENOVABLE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 51959/444.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/11/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

f) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 7 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do “SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN, FONTES, TÚNELES E DE ENERXÍA RENOVABLE DO CONCELLO DE VIGO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de 90.000,00 €.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e pola Xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético en data 23/08/2021.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/09/2021.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVENTA MIL EUROS (90.000,00 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 15.619,83 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na*



## Concello de Vigo

partida orzamentaria 1650.221.12.00 ("Suministro de material eléctrico"), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	40.000,00 €
2022	50.000,00 €
Total	90.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% desconto ofertado
1	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	12,25%
2	IMESAPI, S.A.	5,80%
3	DIGAMEL, S.A.	4,00%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U. (A-96.933.510), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U., o día 4 de novembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 8 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de datas 28 e 29 de outubro de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U. (A-96.933.510) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444) por un prezo máximo de 90.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.619,83 euros, e cunha baixa porcentual única do 12,25% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no Anexo I do PPT.*”



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1022).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN EMPRESARIAS DE GALICIA PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” NO V CONGRESO “ACCIÓN E IMPLICACIÓN” EMPRESARIAS GALICIA. EXPTE. 18741/77.**

Visto o informe de fiscalización do 09/11/2021, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local, o concelleiro de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 20/10/2021, Dona Susana Pérez Iglesias (DNI: 39.451.055Y), en calidade de presidenta da “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), achegou escrito (doc. 210211860), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle a máxima difusión e coñecemento ao proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) dentro do V Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia para próximo día 28 de outubro 2021, mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento dos gastos de montaxe, desmonte, equipamento, instalación eléctrica e rotulación dun stand e a difusión en redes sociais e páxina web da Asociación.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Susana Pérez Iglesias, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Empresarias de Galicia”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 22/10/2021.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 22/10/2021.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 22/10/2021.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 21/10/2021.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS PUBLICITARIOS (28/10/2021)</b>	
Difusión do Proxecto "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL" no V Congreso "Acción e Implicación" Empresarias Galicia mediante a instalación dun stand informativo	1.500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.500,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (28/10/2021)</b>	
Subvención Concello de Vigo	1.5000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.500,00 €</b>

8. Memoria explicativa do proxecto subvencionado.

IV. En data 20/10/2021 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A "ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA" (CIF: G27826999) consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1284-16.

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 21/10/2021 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria





## Concello de Vigo

non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

VIII. Con data 15/11/2021 a Intervención Xeral Municipal emite informe de fiscalización.

De conformidade co anterior procédese a axustar o prazo máximo ata o **19 de novembro de 2021**, mantendo inalterables os restantes términos do convenio.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### *I. OBXECTO*

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención directa á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA (G27826999), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de difusión do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no V Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia.

A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional.

Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguiar a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.

A situación das mulleres viguesas en canto ao emprego é moito máis precaria que a dos homes. A estas non só aféctalle unha taxa de desemprego máis elevada, senón que outras variables fan efecto nelas, o que aumenta a súa predisposición á vulnerabilidade: peores condicións laborais, soldos máis baixos e menor recoñecemento laboral. Desta maneira, capacitar a mulleres mediante certificacións oficiais, non só implica aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego senón tamén recoñecemento laboral; e participar na formación transversal e complementaria achegaralles un acceso cualitativo mellor, grazas a adquirir competencias sobre os cambios lexislativos, organizativos e estruturais que se están producindo e que están a impregnar o tecido empresarial.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas mais vulnerables cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo

(Expte.15311-77) ten entre as súas metas, favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos, mediante a implantación dunha serie de medidas específicas de índole afirmativa, inclusiva e de nivelación.

Á súa vez, os axentes sociais máis representativos, UXT, CC.OO., CIG, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, participaron activamente na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionado e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento aos compromisos adquiridos e cabida aos mesmos na organización deseño e implantación do presente proxecto

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para proporcionarlle a máxima difusión ao mesmo, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia para subvencionar os gastos de instalación, montaxe e equipamento dun stand informativo do proxecto "Vigo pola inserción laboral" dentro do seu V Congreso "Acción e Implicación" que se levará a cabo o día 28 de outubro de 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 480000 *Programa de axudas ao plan de emprego municipal* prevista nos vixentes orzamentos municipais.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Queda facultado para asinar o citado convenio, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, Abel Losada Álvarez, ao amparo da Resolución da Alcaldía – Presidencia, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área , de data 17 de agosto de 2020.

Doutra parte, asinará o convenio Dona Susana Pérez Iglesias, con DNI 39.451.055Y, en calidade de Presidenta da "Asociación EMPRESARIAS DE GALICIA" (CIF: G27826999), en nome e representación da mesma.



## Concello de Vigo

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a procura de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b), tal e como ven desenvolvendo a concellería de Cultura e Emprego nos últimos anos, toda vez que a actividade de fomento de emprego é unha actividade considerada coma prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da XGL do 09/03/2012).

Así mesmo e, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira de dita lei, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, corresponde a materias de competencia propias do Concello a promoción e reinserción sociais e a participación na formación de activos e desempregados segundo o previsto nas letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran as razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### **IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

- o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das Bases de Execución do

vixente Orzamento xeral do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (28 de outubro 2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen durante o ano 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio de 1.500,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 480000 *Programa de axudas ao plan de emprego municipal*, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Empresarias de Galicia son gastos de información e publicidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no



## Concello de Vigo

momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

### **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38.5.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **19 de novembro de 2021**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 15.3.c) da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención concedida, individualmente considerada, de contía inferior a 3.000 euros. En todo caso, publicarase na páxina web oficial do Concello de Vigo nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública Galega.

### **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 17 de agosto de 2020, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 1.500,00 € (mil cincocentos euros), con cargo á aplicación orzamentaria nº 2410.480000, denominada *Programa de axudas ao plan de emprego municipal*, incluída no vixente orzamento municipal de 2021.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), cuxo obxecto é proporcionar a máxima difusión e coñecemento do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, e coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 1.500,00 € (mil cincocentos euros).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.



## Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” NO V CONGRESO “ACCIÓN E IMPLICACIÓN” EMPRESARIAS GALICIA**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e un.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Susana Pérez Iglesias, en calidade de Presidenta da “Asociación de EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), con domicilio social na Praza de Compostela, 23 – 2<sup>o</sup> dereita, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 18741/77.

E, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, secretaria da Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

II.- A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional. Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.

III.- A situación das mulleres viguesas en canto ao emprego é moito máis precaria que a dos homes. A éstas non só aféctalle unha taxa de desemprego máis elevada, senón que outras variables fan efecto nelas, o que aumenta a súa predisposición á vulnerabilidade: peores condicións laborais, soldos máis baixos e menor recoñecemento laboral. Desta maneira, capacitar a mulleres mediante certificacións oficiais, non só implica aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego senón tamén recoñecemento laboral; e participar na formación transversal e complementaria achegaralles un acceso cualitativo mellor, grazas a adquirir competencias sobre os cambios lexislativos, organizativos e estruturais que se están producindo e que están a impregnar o tecido empresarial.





## Concello de Vigo

IV.- O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas mais vulnerables cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos, mediante a implantación dunha serie de medidas específicas de índole afirmativa, inclusiva e de nivelación.

O proxecto busca dotar de protagonismo aos axentes sociais na organización, deseño e implementación do presente proxecto, tendo presenza activa as entidades máis representativas coma UXT, CC.OO., AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, que participaron na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionando e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

V.- O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para proporcionarlle a máxima difusión ao mesmo, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia mediante o financiamento dos gastos de instalación, montaxe e equipamento dun stand informativo do proxecto “Vigo pola inserción laboral” dentro do seu V Congreso “Acción e Implicación” durante o día 28 de outubro de 2021.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2021 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 480000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, para a concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021, unha subvención directa por razóns do interese público, económico e social do desenvolvemento e cumprimento de obxectivos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” para favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos da cidadanía.

Entre os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social que dificultan a concorrência e convocatoria pública, débese indicar o seguinte:

- ✓ a necesidade da mellora de accións de carácter igualitario, inclusivo e nivelador, de cara a favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos.
- ✓ a singularidade desta entidade beneficiaria no termo municipal de Vigo na procura da igualdade da muller.
- ✓ a precaria situación das mulleres viguesas en canto ao emprego, e por ende, a necesidade de capacitar as mulleres mediante certificacións oficiais para aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego e o recoñecemento laboral.

- ✓ a participación activa na planificación do proxecto “Vigo pola inserción laboral” da Asociación como un dos axentes sociais máis representativos e principais coñecedores da realidade laboral da cidadanía viguesa.
- ✓ o interese e compromiso de proporcionar a máxima difusión do proxecto, para propiciar a participación nos itinerarios de inserción que compoñen o proxecto, tanto desde o punto de vista dos destinatarios da formación, empresas receptoras do alumnado de prácticas profesionais e incluso das futuras empresas empregadoras.
- ✓ a especificidade da subvención proposta e a oportunidade de cumprir co obxectivo de achegar o proxecto aos asistentes ao V Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia.

En definitiva, a mellora da contratación de persoas en situación de desemprego, cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Neste convenio establécense as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é proporcionar a máxima difusión e coñecemento ao proxecto “Vigo pola inserción laboral” no V Congreso “Acción e Implicación” Empresarias de Galicia mediante a instalación dun stand informativo durante o día 28 de outubro, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é de 1.500,00 €.

VII.- Que a entidade “*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, público, formativo, informativo, reivindicativo e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, cultural, formativo e informativo, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade “*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*” comprométese a colaborar coa concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades de difusión do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no V Congreso “Acción e Implicación” Empresarias de Galicia que fundamenta a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, a través da presenza destacada dos logotipos oficiais, cuxos modelos estarán a disposición da entidade no servizo de Desenvolvemento Local e emprego, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
2. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento da actividade.



## Concello de Vigo

3. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
4. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Cultura e Emprego, e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio.
5. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.
7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
8. Dispor da cobertura dun seguro de responsabilidade civil xeral nas instalacións onde se leve a cabo o Congreso, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*" unha subvención por importe de 1.500€ (mil cincocentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 2410.480000 denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", do vixente orzamento municipal, co obxecto de proporcionar a máxima difusión e coñecemento do proxecto "Vigo pola inserción laboral" cofinanciado nun 80% polo FSE, no desenvolvemento do V Congreso "Acción e Implicación" Empresarias Galicia o día 28 de outubro de 2021.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Empresarias de Galicia*".
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.**- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción dos logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio.

**Oitavo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **19 de novembro de 2021**.



## Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Actuacións realizadas.
5. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
6. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
7. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

8. Acreditar, mediante a inserción en lugar destacado dos logotipos oficiais, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.5 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.



## Concello de Vigo

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electronicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura e Emprego, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento as imaxes corporativas.

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES46 2080 0714 88 3040040596 (Abanca).

**Décimo .-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2021, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo de Desenvolvemento local e emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Emprego e polo servizo de Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das





## Concello de Vigo

competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (31 de decembro de 2021).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2021.

**7(1023).- MINORACIÓN DO IMPORTE DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2021, DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES**

## **PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 13493/445.**

Visto o informe de fiscalización do 05/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 28/10/2021, asinado polo xefe do Servicio Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servicio Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES.**

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.02.2019 acordou “Adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445) coas seguintes condicións:

- O importe total do contrato ascende a 824.620,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 143.115,87 euros, cunha porcentaxe de desconto por litro de gasóleos e gasolina do 9,75%.
- Incrementa o horario mínimo establecido no prego de prescricións técnicas particulares a 24 horas.
- Comprométese a poñer en disposición deste contrato cando menos tres estacións de servizo localizadas no termo municipal de Vigo, e unha delas cun mínimo de 3 km a contar desde o parque central de servizos do Concello.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

II.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 21/03/2019.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 18.03.2021 acordou, aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido desde o 22/03/2021 ata o 21/03/2022, así como autorizar o gasto estimado do devandito contrato de subministro por importe de CATROCIENTOS DOCE MIL TRESCIENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 “Combustible e carburantes”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2021: período comprendido entre o 22/03/2021 e o 31/12/2021: 340.000,00 €.
- Ano 2022: período comprendido entre o 01/01/2022 e o 21/03/2022: 72.310,00 €.

IV.- Consecuencia dos devanditos acordos, no expediente están tramitados dous AD por importe de 72.310 euros (AD2021 00002633) e de 340.000 euros (AD2021 00035070), alcanzando en fase D, para a anualidade 2021, o importe total de 412.310 euros.



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

I.- Respecto da execución do devandito contrato cabe indicar o seguinte:

- Durante o ano 2021, con cargo ao AD2021 00002633 e AD2021 00035070, e ata o día 26.10.2021, tense executado derivado do consumo ata a devandita data un importe total de 177.125,75 euros - 66.263,83 euros con cargo ao AD2021 00002633 e 110.861,92 euros con cargo ao AD2021 00035070- segundo o seguinte detalle:

<b>AD nº 2633</b>	
Fra. Expte. 14714-445, Xaneiro 2021	14.529,96 €
Fra. Expte. 14750-445 , Febreiro 2021	15.901,66 €
Fra. Expte. 14799-445, Marzo 2021	16.701,15 €
Fra. Expdte. 14970-445, Xullo 2021	19.131,06 €
<b>TOTAL</b>	<b>66.263,83 €</b>
<b>AD nº 35070</b>	
Fra. Expte. 14855-445, Abril 2021	15.993,86 €
Fra. Expte. 14911-445, Maio 2021	18.458,53 €
Fra. Expte. 14934-445, Xuño 2021	20.597,06 €
Fra. Expte. 14987-445, Agosto 2021	19.564,51 €
Fra. Expte. 15002-445, Setembro 2021	19.132,62 €
Fra. Expte. 15023-445, Xuño 2020	17.115,34 €
<b>TOTAL</b>	<b>110.861,92 €</b>
<b>TOTAL FACTURADO</b>	<b>177.125,75 €</b>

- O número da flota da municipal así como o uso que se ven realizando da mesma e os prezos actuais dos combustibles permiten estimar unha previsión de máximo rendemento nun máximo de 70.000 euros o crédito necesario ata a finalización do ano 2021.
- Como consecuencia do exposto, o técnico que subscribe informa que, ao menos 165.184,25 € (IVE incluído) do importe do orzamento destinado ao contrato para o ano 2021 non será executado no mesmo.

II.- A disposición adicional trixésima terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), aplicable ao presente contrato, "Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades", establece:

*Nos contratos de subministracións e de servizos que tramiten as Administracións Públicas e demais entidades do sector público con orzamento limitativo, nos cales o empresario se*

*obrigue a entregar unha pluralidade de bens ou a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato defínase con exactitude ao tempo de celebrar leste, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, deberá aprobarse un orzamento máximo.*

*No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación. A tales efectos, haberá de preverse na documentación que rexa a licitación a posibilidade de que poida modificarse o contrato como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.*

**III.-** Para o suposto proposto, o informe da IGAE de data 03/02/2016 que interpreta a DA 34ª do TRLCSP – de acordo co Informe 17/12 da JCCA-, de idéntica redacción que a correspondente á vixente DA 33ª da LCSP, indica o seguinte :

*“(...)*

*Se o que se advirte é o suposto inverso, isto é, unhas necesidades reais durante a vixencia do contrato inferiores ás previstas (por unha revisión á baixa das estimacións iniciais da Administración), sen que varíen os prezos unitarios nin o obxecto do contrato, o que procederá é unha modificación do expediente de gasto, sen que se considere unha modificación contractual, podendo nestes casos descontraer ou liberar o crédito comprometido con anterioridade á liquidación do contrato, previa tramitación da mencionada modificación do expediente de gasto.*

*(...)”*

A vista do exposto e tendo en conta a condición de execución do contrato en función das necesidades do servizo, e sendo estas as indicadas no informe de execución do contrato, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Reducir a anualidade do contrato para o ano 2021 en 165.184,25 € (CENTO SESENTA E CINCO MIL CENTO OITENTA E CATRO EUROS con VINTECINCO CÉNTIMOS) sobre o crédito dispoñible para a execución deste contrato no ano 2021, e proceder a liberación do importe minorado na mesma aplicación orzamentaria 9202.2210300, no AD2021 00035070.

**Segundo.-** Notificar á empresa adxudicataria RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.



## Concello de Vigo

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1024).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS DE FUNCIONARIOS INTERINOS COMO ENXEÑEIROS/AS INDUSTRIAIS. SUBGRUPO A1 DE TITULACIÓN. EXPTE. 38814/220.**

Visto o informe proposta do 11/11/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- Con data 5 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Enxeñeiro/a industrial, expte. 38107/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 157 de data 17 de agosto de 2021.

II.- Por Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 22/09/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 38223/220 e 38224/220.

III.- Así mesmo, por Resolución da Concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de 14/10/2021 resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Enxeñeiro/a industrial, de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Rematado o mesmo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 05/11/2021 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

	EXAMES APROBADOS	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	TOTAIS
1.Tapias Bouso, C.	10	10		2	22,00
2.González Fernández, R. C.	10	10		2	22,00
3. Parga Rodríguez, O.		10	5	1,25	16,25
4. Camino Loureiro, C.		4,2	5	2	11,20

	EXAMES APROBADOS	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	TOTAIS
5. Fernández Martínez, L.		2,7	5	1,8	9,50
6. De Peroy Pereira, S.		2,1	5	2	9,10
7. Vizcaíno González, S.			5	2	7,00
8. Soto González, V.			5	1,85	6,85
9. Vázquez Luque, A.		3,6		2	5,60
10. López Rodríguez, A.				2	2,00
11. Ave González, S.				1,8	1,80
12. Fernández Campos, J.				1,6	1,60

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematada a valoración e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de persoas que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeadas como persoal funcionario interino previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).



## Concello de Vigo

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que as persoas que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 5 de agosto de 2021, son os que se sinalan a continuación:

	EXAMES APROBADOS	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	TOTAIS
1. Tapias Bouso, C.	10	10		2	22,00
2. González Fernández, R. C.	10	10		2	22,00
3. Parga Rodríguez, O.		10	5	1,25	16,25
4. Camino Loureiro, C.		4,2	5	2	11,20
5. Fernández Martínez, L.		2,7	5	1,8	9,50
6. De Peroy Pereira, S.		2,1	5	2	9,10
7. Vizcaíno González, S.			5	2	7,00
8. Soto González, V.			5	1,85	6,85
9. Vázquez Luque, A.		3,6		2	5,60
10. López Rodríguez, A.				2	2,00
11. Ave González, S.				1,8	1,80
12. Fernández Campos, J.				1,6	1,60

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adopto acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.*”

*As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.*

*As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”*

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a industrial, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	Tapias Bouso, C.	***8089**
2	González Fernández, R. C.	***3713**
3	Parga Rodríguez, O.	***6529**
4	Camino Loureiro, C.	***8286**
5	Fernández Martínez, L.	***6275**
6	De Peroy Pereira, S.	***3967**
7	Vizcaíno González, S.	***8542**
8	Soto González, V.	***8137**
9	Vázquez Luque, A.	***7672**
10	López Rodríguez, A.	***6341**
11	Ave González, S.	***2035**





## Concello de Vigo

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
12	Fernández Campos, J.	***7023**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1025).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DE 9 OPERARIOS PEÓNS PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 38741/220.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 11/11/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado polo Director deportivo coa conformidade da concellería delegada competente, se solicita á área de recursos humanos e formación, e entre outros 9 persoas coa categoría de operario peón por un período de 9 meses.

II.- Analizada a solicitude, en data 03/11/2021 procédese á incoación de expediente.

III.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer e informe de verificación administrativa das persoas coa categoría profesional solicitada, incluídas nas listas de reserva en condicións de ser nomeadas.

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:**



## Concello de Vigo

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“el exceso o acumulación de tarefas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses”** (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademáis delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de operario-peón (código retributivo 158) por un período máximo de 9 meses.

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado

3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica uncida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

Operario/a peón- acumulación tarefas (nove postos)

Custo Total Proposta ( 1 posto) // 2022	Ano 2021/	Ano 2022	Periodo - 19/11/2021 - 18/08/2022 - 9 POSTOS- 9 meses
Retribucións totais (1 posto)	23.050,81 €	23.511,83 €	158.220,78 € (1)
Seguridade Social (1 posto)	7.408,76 €	7.556,94 €	50.853,76 € (2)
<b>Total</b>	<b>30.459,57 €</b>	<b>31.068,77 €</b>	<b>209.074,23 € (3)</b>

(1) Da referida cantidade 24.203,35€, corresponde a presente exercicio e, 134.017,43€ ao vindeiro exercicio 2022.

(2) Da referida cantidade 7.749,20€ corresponde a presente exercicio e, 43.074,56€ ao vindeiro exercicio 2022.

(3) Da referida cantidade 31.982,55€, corresponde a presente exercicio e, 177.091,99€ ao vindeiro exercicio 2022.



## Concello de Vigo

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 135 do expediente) consta que:

- “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Operarios/as peóns, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que unha vez producidas as renuncias correspondentes, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Operarios/as peóns por acumulación de tarefas asignados ao servizo de Deportes aos candidatos: **J. M. Iglesias Peixoto** con DNI: \*\*\*7559\*\*, a **P. Dominguez Collazo** con DNI: \*\*\*7236\*\* , a **P. Bastos Villar** con DNI: \*\*\*7157\*\*, a **J. R. Capelo Rodiño** con DNI: \*\*\*8276\*\*, a **M. M. Alonso Rodríguez** con DNI: \*\*\*2530\*\*, a **E. Reche Melchor** con DNI: \*\*\*0579\*\*, a **J. P. Costas Cruces** con DNI: \*\*\*9355\*\*, a **L. Álvarez Pérez** con DNI: \*\*\*6656\*\*, e a **R. Comesaña Cruz** con DNI: 8711\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”
- 

## VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

## VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 9 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: operario peón.
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Servizo de Deportes
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: 209.074,23 € desglosados segundo informe técnico de data 11/11/2021:

### CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

#### Operario/a peón- acumulación tarefas (nove postos)

<b>Custo Total Proposta ( 1 posto) // Ano 2022</b>	<b>Ano 2021/</b>	<b>Periodo - 19/11/2021 – 18/08/2022 - 9 POSTOS– 9 meses</b>
<b>Retribucións totais (1 posto)</b>	23.050,81 €	23.511,83 €
<b>Seguridade Social (1 posto)</b>	7.408,76 €	7.556,94 €
<b>Total</b>	30.459,57 €	31.068,77 €

(1) Da referida cantidade 24.203,35€, corresponde a presente exercicio e, 134.017,43€ ao vindeiro exercicio 2022.

(2) Da referida cantidade 7.749,20€ corresponde a presente exercicio e, 43.074,56€ ao vindeiro exercicio 2022.

(3) Da referida cantidade 31.982,55€, corresponde a presente exercicio e, 177.091,99€ ao vindeiro exercicio 2022.



## Concello de Vigo

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 38741/220 obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a: **J. M. Iglesias Peixoto** con DNI: \*\*\*7559\*\*, a **P. Dominguez Collazo** con DNI: \*\*\*7236\*\* , a **P. Bastos Villar** con DNI: \*\*\*7157\*\*, a **J. R. Capelo Rodiño** con DNI: \*\*\*8276\*\*, a **M. M. Alonso Rodríguez** con DNI: \*\*\*2530\*\*, a **E. Reche Melchor** con DNI: \*\*\*0579\*\*, a **J. P. Costas Cruces** con DNI: \*\*\*9355\*\*, a **L. Álvarez Pérez** con DNI: \*\*\*6656\*\*, e a **R. Comesaña Cruz** con DNI: 8711\*\*, (para o servizo de deportes), de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área/Servizo, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1026).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO " PARA EL FINANCIAMIENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS "OUTONO LÍRICO 2021". EXPTE. 3751/330.**

Visto o informe xurídico do 28/10/2021 e o informe de de fiscalización do 05/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 26/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de

Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 1 de febreiro do 2021, "A Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do Programa de Concertos Outono Lírico 2021; por este motivo, con data 13 de outubro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 60.000 € (50.000 euros achegados polo Concello máis 10.000 euros achegados pola Deputación en virtude de convenio co Concello de Vigo) con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Festival Outono Lírico está composto este ano dos seguintes eventos:

##### **1º- Recital "BEL CANTO GALA"**

Ismael Jordi (tenor), Sabina Puértolas (soprano), Rubén Fernández Aguirre (piano)  
Teatro Afundación, Vigo. 11 de setembro. 20,00 horas

##### **2º.- Recital "DIVA GALA"**

Nino Machaidze (soprano)  
Teatro Afundación, Vigo. 16 de outubro. 20,00 horas

##### **3º- Recital GRAN ÓPERA GALA**

Nancy Fabiola Herrera (mezzosoprano)  
Alejandro Roy (tenor)  
Javier M. Carmena (piano)  
Teatro Afundación, Vigo. 1 de novembro. 18,00 horas

##### **4º.- Recital:**

LA EMIGRACIÓN GALLEGA, CANCIONES DE IDA Y VUELTA  
Borja Quiza (barítono)  
Fernando Briones (piano)  
Auditorio Afundación, Vigo. 5 de novembro, 20,00 horas.

##### **NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA**

3 de outubro, a las 19,00 horas  
Auditorio del Conservatorio Superior ("Martín Códax). Entrada libre hasta completar aforo  
Rosalía Cid (soprano)  
Carlos E. Pérez (piano)





## Concello de Vigo

### **OPERA NO CINE**

Auditorio del Concello de Vigo. 19,00 horas. Entrada libre hasta completar aforo

14 de septiembre.

MACBETH (Verdi): Anna Netreblo, Zeljko Lucic, René Pape, Joseph Calleja.

Dir: Fabio Luisi (Metropolitan, 2014)

28 de septiembre.

DER FLIEGENDE HOLLÄNDER (Wagner): Bryn Terfel, Anja Kampe, Matti Salminen, Marco Jentsch. Dir: Alain Antinoglu (Zurich, 2015)

5 de octubre.

I DUE FOSCARI (Verdi): Leo Nucci, Tatiana Serjan, Roberto de Biasio, Roberto Tagliavini. Dir: Donato Renzetti (Parma, 2012)

26 de octubre

SUOR ANGELICA (Puccini): Ermonela Jaho, Anna Larsson, Anna Devin, Elena Zilio. Dir: Antonio Pappano (Covent Garden, 2011)

### **HABLAMOS DE ... “¡CIEN AÑOS NO ES NADA!”.Ciclo de conferencias**

Septiembre.- “200 años del nacimiento de Pauline Viardot”, por Teresa Adrán (profesora y divulgadora musical)

Octubre.- “100 años del nacimiento de Franco Corelli”, por Ricardo de Cala (Crítico musical y director del programa “Gran-des Voces” en RNE)

Noviembre.- “100 años del fallecimiento de Enrico Caruso”,por (críticos musicales y escritores)

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 95.811,04 (noventa e cinco mil oitocentos once euros con catro céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 60.000 euros (50.000 achegados polo Concello máis 10.000 achegados pola Deputación en virtude de convenio asinado co Concello de Vigo), e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

### **DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Aceptación do texto do convenio

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2021", rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a " Asociación de Amigos de la Ópera" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de la Ópera" ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2020", figurando na aplicación **3340.480.00.05** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos de La Ópera " é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.



## Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO.-** *PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 60.000 € (sesenta mil euros) a "Asociación de Amigos de la Ópera" CIF. G36622116, para o financiamento do Programa de Concertos "Outono Lírico 2021" organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 "CONVENIO AMIGOS DE LA ÓPERA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

**SEGUNDO.-** *Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Amigos de la Ópera de Vigo" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Outono Lírico 2021".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "OUTONO LÍRICO 2021"**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Daniel Diz Portela, na súa condición de vicepresidente da Asociación Amigos de la Ópera de Vigo (CIF: G36622116) con enderezo social na rúa Venezuela, 22, 1º B, CP 36203, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

## MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.05, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**, a cantidade de 60.000 euros (50.000 euros achegados polo Concello máis 10.000 euros achegados pola Deputación en virtude de convenio co Concello de Vigo)*

*IV.- Que a "**ASOCIACIÓN A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o "OUTONO LÍRICO 2021", que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO



## Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de polo importe total de 95.811,04 (noventa e cinco mil oitocentos once euros con catro céntimos), financiándose coas seguintes achegas

- Concello de Vigo: 60.000 €
- TAQUILLAS: 6.000 €
- PATROCINIOS: 1815 €
- XUNTA: 20.000 €

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

O Festival Outono Lírico está composto este ano dos seguintes eventos:

#### **1º- Recital “BEL CANTO GALA”**

Ismael Jordi (tenor), Sabina Puértolas (soprano), Rubén Fernández Aguirre (piano)  
Teatro Afundación, Vigo. 11 de setembro. 20,00 horas

#### **2º.- Recital “DIVA GALA”**

Nino Machaidze (soprano)  
Teatro Afundación, Vigo. 16 de outubro. 20,00 horas

#### **3º- Recital GRAN ÓPERA GALA**

Nancy Fabiola Herrera (mezzosoprano)  
Alejandro Roy (tenor)  
Javier M. Carmena (piano)  
Teatro Afundación, Vigo. 1 de novembro. 18,00 horas

#### **4º.- Recital:**

LA EMIGRACIÓN GALLEGA, CANCIONES DE IDA Y VUELTA  
Borja Quiza (barítono)  
Fernando Briones (piano)  
Auditorio Afundación, Vigo. 5 de novembro, 20,00 horas.

## **NOVAS VOCES DA LÍRICA GALEGA**

3 de octubre, a las 19,00 horas

Auditorio del Conservatorio Superior ("Martín Códax). Entrada libre hasta completar aforo

Rosalía Cid (soprano)

Carlos E. Pérez (piano)

## **OPERA NO CINE**

Auditorio del Concello de Vigo. 19,00 horas. Entrada libre hasta completar aforo

14 de septiembre.

MACBETH (Verdi): Anna Netreblo, Zeljko Lucic, René Pape, Joseph Calleja.

Dir: Fabio Luisi (Metropolitan, 2014)

28 de septiembre.

DER FLIEGENDE HOLLÄNDER (Wagner): Bryn Terfel, Anja Kampe, Matti Salminen, Marco Jentsch. Dir: Alain Antinoglu (Zurich, 2015)

5 de octubre.

I DUE FOSCARI (Verdi): Leo Nucci, Tatiana Serjan, Roberto de Biasio, Roberto Tagliavini. Dir: Donato Renzetti (Parma, 2012)

26 de octubre

SUOR ANGELICA (Puccini): Ermonela Jaho, Anna Larsson, Anna Devin, Elena Zilio. Dir: Antonio Pappano (Covent Garden, 2011)

## **HABLAMOS DE ... "¡CIEN AÑOS NO ES NADA!".Ciclo de conferencias**

Septiembre.- "200 años del nacimiento de Pauline Viardot", por Teresa Adrán (profesora y divulgadora musical)

Octubre.- "100 años del nacimiento de Franco Corelli", por Ricardo de Cala (Crítico musical y director del programa "Gran-des Voces" en RNE)

Noviembre.- "100 años del fallecimiento de Enrico Caruso",por (críticos musicales y escritores)

## **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**



## Concello de Vigo

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Daniel Díz Portela
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha





## Concello de Vigo

achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por

calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 15 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de



## Concello de Vigo

novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 do Réximen xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime do tódolos asinantes

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as demais partes asinantes.

Si trascurrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados si así se previra.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerose pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

#### **ORZAMENTO 2021**



## Concello de Vigo

PRESUPUESTO OTOÑO LIRICO 2021 (Gastos IVA incluído)				
CONCEPTO	G.Recitales	G.Varios	GASTOS	INGRESOS
<b>11(1)</b>				
<b>FIN/</b>				
<b>Vist</b>				
<b>dásc</b>				
<b>Xest</b>				
<b>dele</b>				
<b>1*</b>				
<b>"BEL CANTO GALA"</b>				
Elenco, cachés	22.000,00		29.113,99	
Viajes	1.500,00			
Hoteles	584,99			
Alq.Teatro	4.356,00			
Alq. Ataquilla	75,00			
Producción audio visual	598,00			
<b>2*</b>				
<b>"DIVA GALA"</b>				
Elenco, cachés	17.600,00		22.637,00	
Viajes	1.200,00			
Hoteles	260,00			
Alq.Teatro	2.904,00			
Alq. Ataquilla	75,00			
Producción audio visual	598,00			
<b>3*</b>				
<b>"GRAN ÓPERA GALA"</b>				
Elenco, cachés	15.300,00		21.913,99	
Viajes	1.000,00			
Hoteles	584,99			
Alq.Teatro	4.356,00			
Alq. Ataquilla	75,00			
Producción audio visual	598,00			
<b>4*</b>				
<b>" CANCIONES DE IDA Y VUELTA"</b>				
Elenco, cachés	8.932,02		9.607,06	
Alq.Teatro	600,00			
Alq. Ataquilla	75,00			
<b>5*</b>				
<b>"NOVAS VOCES LIRICA GALLEGA"</b>				
Elenco, cachés	900,00		1.429,00	
Hoteles	195,00			
Alquiler CSMV y Prosegur	334,00			
<b>GASTOS VARIOS</b>				
Conferencias: Caches Viajes Hoteles		2.000,00	11.110,00	
Publicidad		5.500,00		
Dietas		2.500,00		
Edición de subtítulos		750,00		
Afinación pianos		360,00		
APARTACION FONDOS PROIPOS_AAOV				7.996,04
TAQUILLAS				6.000,00
PATROCINIOS				1.815,00
CONVENIO CONCELLO / DIPUTACIÓN				60.000,00
XUNTA				20.000,00
	0	84.701,00	11.110,00	95.811,04
			95.811,04	95.811,04

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 8.100 euros (oito mil cen euros), dos que o Concello de Vigo achega 8.000 €, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social

- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU , para o financiamento do Programa de Concertos 2021, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a FUNDACIÓN SONDESEU deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a “Fundación Sondeseu” ten como obxecto financiar o Programa de Concertos 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.19** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.





## Concello de Vigo

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 8.000 € (oito mil euros) á Fundación Sondeseu, CIF. G36968741 , para o financiamento do Programa de concertos 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 “CONVENIO FUNDACIÓN SONDESEU, ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

#### 1.E de responsabilidade da Entidade :

- 1)A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- 2)A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3)Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4)Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.

2.Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Xaquín Xesteira Losada, presidente da entidade

3.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4.Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en

todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

## **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

## **MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que



## Concello de Vigo

o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2021
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu

número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

## **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**



## Concello de Vigo

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

## **12(1028).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE "SINSALAUDIO S.L," PARA O DESENVOLVEMENTO DO "FESTIVAL SINSAL OUTONO 2021". EXPTE. 4044/330.**

Visto o informe xurídico do 25/10/2021 e o informe de de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 20/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 4 de outubro do 2021, a entidade "Sinsalaudio S.L." presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do Festival Sinsal Outono 2021; por este motivo, con data 4 de outubro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.

### ANTECEDENTES.-

A entidade **SINSALAUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

### **DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

Sinsal Outono 2021 terá lugar os días 31 de outubro e 1 de novembro, contando coa colaboración do MARCO de Vigo, que aportará os espazos para a realización das actividades, o Instituto Camões de Vigo, cuxa a portación servirá para traer a Vigo ao artista Henrique Portovedo e o Conservatorio Superior de Música de Vigo, espazo no que se realizarán charlas complementarias ás actividades musicais.

A programación prevista é a seguinte:



## Concello de Vigo

### **Domingo 31 de outubro**

Multiplensemble+OMEN. Live AV Performance: Marta Verde e José Venditti

**Lugar:** MARCO de Vigo

**Horario:** 19:30 a 22:00h

### **Programación estendida:**

Conferencia: Perpectivas multimedia na música de nova creación.

Relator: PedroGonzález.

Obradoiro/masterclass: Perpectivas multimedia na música de nova creación.  
(CSM de Vigo, programa Erasmus)

Lugar: Conservatorio Superior de Música de Vigo

### **Luns 1 de novembro**

Henrique Portovedo+Juanma Lodo e Akazie

**Lugar:** MARCO de Vigo

**Hora:** 19:00 a 21:15

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola EMPRESA, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 8.800 € (oitomil oitocentos euros) , financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 €
- Instituto Camoes : 600 €
- Venda de entradas: 1200 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento

- Aceptación do texto do convenio

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L.", para o desenvolvemento do Festival Sinsal Outono 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Sinsal Audio S.L." deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L." ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Festival Sinsal Outono 2021, figurando na aplicación **3340.470.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.





## Concello de Vigo

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L." é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á entidade "Sinsal Audio S.L.", CIF. B36898369, para o financiamento do "Festival Sinsal Outono 2021" , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 "SINSAL AUDIO.FESTIVAL SINSAL" , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a entidade "Sinsal Audio S.L." que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Sinsal Outono 2021*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA "SINSAL OUTONO 2021"

No lugar e data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de presidente da entidade "Sinsalaudio SL", con CIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita empresa, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante A EMPRESA.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade **SINSALAUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*

*II.- Que **SINSALAUDIO S.L.**, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.*

*III.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación de **SINSAL AUDIO S.L.**, como medio que é de promover a música na cidade.*

*IV.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.470.00.02, como subvención nominativa, a favor de **SINSAL AUDIO S.L.**, a cantidade de 7.000 euros.*

*V.- Que **SINSALAUDIO S.L.** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*VI.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*



## Concello de Vigo

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para o financiamento do programa S/NSAL OUTONO 2021, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola EMPRESA, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 8.800 € (oitomil oitocentos euros) , financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 €
- Instituto Camoes : 600 €
- Venda de entradas: 1200 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

Sinsal Outono 2021 terá lugar os días 31 de outubro e 1 de novembro, contando coa colaboración do MARCO de Vigo, que aportará os espazos para a realización das actividades, o Instituto Camões de Vigo, cuxa a portación servirá para traer a Vigo ao artista Henrique Portovedo e o Conservatorio Superior de Música de Vigo, espazo no que se realizarán charlas complementarias ás actividades musicais.

A programación prevista é a seguinte:

#### **Domingo 31 de outubro**

Multiplensemble+OMEN. Live AV Performance: Marta Verde e José Venditti

**Lugar:** MARCO de Vigo

**Horario:** 19:30 a 22:00h

#### **Programación estendida:**

Conferencia: Perpectivas multimedia na música de nova creación.

Relator: PedroGonzález.

Obradoiro/masterclass: Perpectivas multimedia na música de nova creación.

(CSM de Vigo, programa Erasmus)

Lugar: Conservatorio Superior de Música de Vigo

**Luns 1 de novembro**

Henrique Portovedo+Juanma Lodo e Akazie

**Lugar:** MARCO de Vigo

**Hora:** 19:00 a 21:15

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Luís Campos Alonso, administrador da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



## Concello de Vigo

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

### **10.Cumprir estrictamente coas medidas sanitarias derivadas da COVID.**

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

## **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**



## Concello de Vigo

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A EMPRESA está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

#### 5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:





## Concello de Vigo

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2021, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.



## Concello de Vigo

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### **ORZAMENTO DA ACTIVIDADE**

**COMPARATIVA DE INGRESOS E GASTOS DO FESTIVAL  
SINSAL OUTONO 2021**

**GASTOS CON IVE**

CONCEPTO	PREVISION	REAL	DESVIACION
CACHES	3.509,00	-	-3.509,00
HOTEIS	165,00	-	-165,00
DIETAS	220,00	-	-220,00
GASTOS ADMON	363,00	-	-363,00
TRANSPORTES	363,00	-	-363,00
PRODUCCIÓN TÉCNICA	1.754,50	-	-1.754,50
COMUNI,+VIDEO+FOTOS	1.331,00	-	-1.331,00
PROMOCION+DESEÑO	726,00	-	-726,00
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	368,50	-	-368,50
	<b>8.800,00</b>	<b>-</b>	<b>-8.800,00</b>

**INGRESOS CON IVE**

ENTIDADES	PREVISION	REAL	DESVIACION
CONCELLO DE VIGO	7.000,00	7.000,00	0,00
PATROCINIOS PRIVADOS	600,00	600,00	0,00
SINSALAUDIO	0,00	0,00	0,00
ENTRADAS	1.200,00	0,00	-1.200,00
	<b>8.800,00</b>	<b>7.600,00</b>	<b>1.200,00</b>
<b>BENEFICIO/PERDIDA</b>	<b>0,00</b>	<b>7.600,00</b>	

**13(1029).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO" EJERCICIO 2021. EXPTE. 3926/330.**

Visto o informe de de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 09/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 21 de xuño do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva, exercicio 2021

Con data 8 de xullo do 2021 apróbanse pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto das ditas subvencións. A cantidade destinada a esta convocatoria



## Concello de Vigo

ascende a 500.000 € con cargo a partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

O día 19 de xuño do 2021 foro publicáronse no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións, estipulándose un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO (22 de xullo); por tanto iniciouse o día 23 de xullo e rematou o día 20 de agosto, ambos os dous incluídos.

Durante o prazo regulamentario presentáronse as seguintes solicitudes para as actividades que se detallan no seguinte cadro:

Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse as seguintes solicitudes:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO
ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL S.L.	SINFONÍA NATURAL DE VIGO	45.092,89 €
EIDON MÚSICA SRL	BLUEFEST	41.200,00 €
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.	SUNSET BEATS 29/10	27.500,00 €
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.	SUNSET BEATS 30/10	27.500,00 €
OIDE S.L.	MUÑOZ	2.609,09 €
OIDE S.L.	EL ILUSIONANTE PEDRO VOLTA	1.620,39 €
OIDE S.L.	TABURETE	22.368,18 €
OIDE S.L.	CARLOS SADNESS 07/05	12.033,98 €
OIDE S.L.	CARLOS SADNESS 08/05	12.416,71 €
OIDE S.L.	ANDRÉS SUAREZ	12.060,23 €
OIDE S.L.	BAIUCA	9.931,21 €
OIDE S.L.	OS RESENTIDOS	6.960,32 €
OIDE S.L.	KEVIN JOHANSEN	10.482,76 €
OIDE S.L.	LOS SECRETOS+ FRANS BANS-FIELD	14.294,46 €
OIDE S.L.	POL GRANCH	10.379,72 €
OIDE S.L.	ANNI B. SWEET	11.256,20 €
OIDE S.L.	ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS	6.627,16 €
OIDE S.L.	JUANCHO MARQUÉS+CEDECÉ	11.161,38 €
OIDE S.L.	THE SOUL JACKET	7.071,42 €
OIDE S.L.	KUTXI ROMERO Y LOS MOTORES	11.156,66 €
OIDE S.L.	DAVID REES	8.671,85 €
OIDE S.L.	LA HABITACIÓN ROJA	7.348,68 €

OIDE S.L.	SR. CHINARRO+ MOON CRESTA	10.655,60 €
OIDE S.L.	LA BIEN QUERIDA+ FRANS BAN-FIELD	10.091,95 €
OIDE S.L.	EL KANKA	22.199,67 €
OIDE S.L.	CALIFATO 3/4	8.659,41 €
OIDE S.L.	SIDONIE 3/07	16.683,11 €
OIDE S.L.	SIDONIE 4/07	16.323,11 €
OIDE S.L.	TONY LOMBA+ELIO DOS SANTOS+ALFEIZAR	6.263,84 €
OIDE S.L.	NACH PIANO Y VOZ+ WYGGGA	12.656,80 €
OIDE S.L.	CORIZONAS+TONHITO DE POI	11.398,60 €
OIDE S.L.	LEO HARLEM 15/07	12.555,24 €
OIDE S.L.	LEO HARLEM 16/07	12.005,24 €
OIDE S.L.	WÖYZA	3.984,06 €
OIDE S.L.	ANGEL STANICH + INDOMABLE	12.031,20 €
OIDE S.L.	DERBY MOTORETA'S BURRITO KACHIMBA+ ZELTIA	10.776,12 €
OIDE S.L.	R DE RUMBA + SHO HI	12.755,42 €
OIDE S.L.	PACO IBÁÑEZ	14.705,11 €
OIDE S.L.	BATEA	4.462,10 €
OIDE S.L.	FREEDONIA + IT'S SOUL	10.975,45 €
OIDE S.L.	TRIANGULO DE AMOR BIZARRO	9.467,57 €
OIDE S.L.	MOCEDADES	11.170,15 €
OIDE S.L.	BALA	7.013,90 €
OIDE S.L.	CIMAFUNK	8.449,44 €
OIDE S.L.	JORGE DREXLER 10/08	18.551,30 €
OIDE S.L.	JORGE DREXLER 11/08	18.494,09 €
OIDE S.L.	DORIAN	15.821,73 €
OIDE S.L.	GRISON Y CARAVACA	7.616,09 €
OIDE S.L.	KIKO VENENO+ TANXUGUEIRAS	16.600,00 €
OIDE S.L.	BELY BASARTE+CAROLINA RUBIRO-SA	12.000,00 €
OIDE S.L.	RULO Y LA CONTRABANDA	12.700,00 €
OIDE S.L.	RULO Y LA CONTRABANDA	12.700,00 €
OIDE S.L.	POL 3.14	9.700,00 €
OIDE S.L.	MALDITO MURPHY	7.300,00 €
OIDE S.L.	FUNZO Y BABY LOAD	23.000,00 €



## Concello de Vigo

OIDE S.L.	NADA SURF	16.800,00 €
OIDE S.L.	ZENET	9.300,00 €
OIDE S.L.	NIÑA PASTORI	36.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>781.609,59 €</b>

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas levouse a cabo, segundo o estipulado na base décimo primeira, polo servizo da Área de Cultura, a través desta xefatura, que unha vez revisadas as solicitudes notificou aos/as interesados/as para que, nun prazo de 10 días hábiles, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, e conforme a cláusula décima das bases da convocatoria, á Comisión de Avaliación o 25 de outubro do 2021 avalía as solicitudes presentadas conforme os criterios estipulados na base décima, co seguinte resultado:

### **SOLICITANTE: ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL SL**

ACTIVIDADE	CALIDADE TÉCNICA		VIABILIDADE ECONÓMICA	TRAXECTORIA Ano 2002	VOLUMEN GASTOS	PREZO ENTRADA	TOTAL
	Proxecto	Público destinatario					
Sinfonía Natural de Vigo	15	15	0	15	15	10	70
<b>TOTAL PUNTOS</b>							<b>70</b>

### **SOLICITANTE: EIDON MÚSICA SRL**

ACTIVIDADE	CALIDADE TÉCNICA		VIABILIDADE ECONÓMICA	TRAXECTORIA Ano 2010	VOLUMEN GASTOS	PREZO ENTRADA	TOTAL
	Proxecto	Público destinatario					
BlueFest	15	15	0	9	15	5	59
<b>TOTAL PUNTOS</b>							<b>59</b>

### **SOLICITANTE: CENTRO GLOBAL ARDILIA SL**

ACTIVIDADE	CALIDADE TÉCNICA		VIABILIDADE ECONÓMICA	TRAXECTORIA Ano 2007	VOLUMEN GASTOS	PREZO ENTRADA	TOTAL
	Proxecto	Público destinatario					

Sunset Beats 29/10	15	12	0	12	12	3	54
Sunset Beats 30/10	15	12	0	12	12	3	54
<b>TOTAL PUNTOS</b>							<b>108</b>

### SOLICITANTE: ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO

ACTIVIDADE	CALIDADE TÉCNICA		VIABILIDADE ECONÓMICA	TRA-XECTORIA Ano 2008	VOLUMEN GASTOS	PREZO ENTRADA	TOTAL
	Pro-xecto	Público destinatario					
Muñoz	15	15	0	12	3	7	52
El Ilusionante Pedro Volta	15	15	0	12	3	7	52
Taburete	15	12	0	12	12	3	54
Carlos Sadness 7/05	10	12	0	12	7	3	44
Carlos Sadness 8/05	8	12	0	12	7	3	42
Andrés Suárez	10	15	0	12	7	1	45
Baiuca	15	15	0	12	7	5	54
Os Resentidos	15	15	0	12	3	7	52
Kevin Johansen	15	12	0	12	7	3	49
Los Secretos+Frans Bansfield	10	15	0	12	7	1	45
Pol Granch	15	12	0	12	7	5	51
Anni B. Sweet	15	12	0	12	7	3	49
Eladio y los Seres Queridos	15	15	0	12	3	7	52
Juancho Marqués+Cedecé	15	15	0	12	7	3	52
The Soul Jacket	15	12	0	12	3	7	49
Kutxi Romero y Los Motores	12	12	0	12	7	3	46
David Rees	15	12	0	12	3	7	49
La Habitación Roja	12	12	0	12	3	5	44
Sr. Chinarro+Moon Cresta	12	12	0	12	7	5	48
La Bien Querida+Frans Banfield	10	15	0	12	7	3	47
El Kanka	15	15	0	12	12	3	57
Califato 3/4	15	15	0	12	3	5	50
Sidonie 3/07	15	15	0	12	10	1	53
Sidonie 4/07	10	15	0	12	10	1	48
Tony Lomba+Elio dos Santos+Álféizar	15	15	0	12	3	7	52





## Concello de Vigo

Nach Piano y voz+WYGGA	15	15	0	12	7	1	50
Corizonas+Tonhito de Poi	15	15	0	12	7	5	54
Leo Harlem 15/07	15	15	0	12	7	1	50
Leo Harlem 16/07	10	15	0	12	7	1	45
Wöyza	15	15	0	12	3	7	52
Angel Stanich+Indomable	15	12	0	12	7	3	49
Derby Motoreta's Burrito Kachim-ba+Zelti	15	12	0	12	7	5	51
R de Rumba+Sho Hi	15	12	0	12	7	3	49
Paco Ibáñez	15	15	0	12	7	1	50
Batea	15	12	0	12	3	7	49
Freedonia+It's Soul	15	15	0	12	7	3	52
Triángulo de Amor Bizarro	15	15	0	12	7	5	54
Mocedades	15	15	0	12	7	1	50
Bala	15	15	0	12	3	7	52
CimaFunk	15	12	0	12	3	7	49
Jorge Drexler 10/08	15	15	0	12	10	1	53
Jorge Drexler 11/08	10	15	0	12	10	1	48
Dorian	15	15	0	12	10	1	53
Grison y Caravaca	15	15	0	12	3	5	50
Kiko Veneno+Tanxugueiras	10	15	0	12	10	1	48
Bely Basarte+Carolina Rubirosa	15	15	0	12	7	5	54
Rulo y la Contrabanda	15	12	0	12	7	1	47
Rulo y la Contrabanda	10	12	0	12	7	1	42
Pol 3.14	15	15	0	12	7	7	56
Maldito Murphy	15	15	0	12	3	7	52
Funzo y Baby Load	15	15	0	12	12	5	59
Nada Surf	15	15	0	12	10	3	55
Zenet	15	12	0	12	7	5	51
Niña Pastori	15	15	0	12	15	1	58
<b>TOTAL PUNTOS</b>							<b>2718</b>

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia (LSG), da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

A proposta da concesión da subvención axústase as condicións de exención en materia de axudas á cultura establecidas polo Regulamento 651/2014, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación do artigo 107 e 108 do Tratado da Unión Europea (artigo 53).

No que se refire ao límite do prazo da xustificación das actividades para efectuar o pagamento, propónse unha ampliación dos prazos respecto ao que figura nas bases da convocatoria (11 de novembro do 2021), establecéndose como prazo límite para a xustificación o 30 de novembro do 2021, de conformidade co disposto no artigo 70 do RLXS que establece a posibilidade dunha *“ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que no se prexudiquen dereitos de terceiros.”*

Conforme o artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima segunda, apartado 4, das bases, previo informe da Intervención de Fondos, e coa conformidade da secretaria de Administración Municipal e dos concelleiros-delegados da Área de Cultura e Emprego e de Orzamentos e Facenda, se emite a seguinte:

#### PROPOSTA:

**PRIMEIRO.-** Conceder as subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxecto que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación do 25 de outubro do 2021, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes das ditas axudas que ascenden á cantidade total de **441.768,34 € (CATROCENTOS CORENTA E UN MIL SETECENTOS SESENTA E OITO CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACIÓN FINAL 1 PUNTO=169,20 €	IMPORTE DE CONCESIÓN	80% DO PREZO DA ACTIVIDADE	IMPORTE DEFINITIVO DE CONCESIÓN
ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL S.L.	SINFONÍA NATURAL DE VIGO	45.092,89 €	70	11.844,00 €	36.074,31 €	<b>11.844,00 €</b>
EIDON MÚSICA SRL	BLUEFEST	41.200,00 €	59	9.982,80 €	32.960,00 €	<b>9.982,80 €</b>
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.	SUNSET BEATS 29/10	27.500,00 €	54	9.136,80 €	22.000,00 €	<b>9.136,80 €</b>



## Concello de Vigo

CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.	SUNSET BEATS 30/10	27.500,00 €	54	9.136,80 €	22.000,00 €	<b>9.136,80 €</b>
		VALORACIÓN TOTAL: CENTRO GLOBAL ARDILIA	108	18.273,60 €	44.000,00 €	<b>18.273,60 €</b>
OIDE S.L.	MUÑOZ	2.609,09 €	52	8.798,40 €	2.087,27 €	<b>2.087,27 €</b>
OIDE S.L.	EL ILUSIONANTE PEDRO VOLTA	1.620,39 €	52	8.798,40 €	1.296,31 €	<b>1.296,31 €</b>
OIDE S.L.	TABURETE	22.368,18 €	54	9.136,80 €	17.894,54 €	<b>9.136,80 €</b>
OIDE S.L.	CARLOS SADNESS 07/05	12.033,98 €	44	7.444,80 €	9.627,18 €	<b>7.444,80 €</b>
OIDE S.L.	CARLOS SADNESS 08/05	12.416,71 €	42	7.106,40 €	9.933,37 €	<b>7.106,40 €</b>
OIDE S.L.	ANDRÉS SUAREZ	12.060,23 €	45	7.614,00 €	9.648,18 €	<b>7.614,00 €</b>
OIDE S.L.	BAIUCA	9.931,21 €	54	9.136,80 €	7.944,97 €	<b>7.944,97 €</b>
OIDE S.L.	OS RESENTIDOS	6.960,32 €	52	8.798,40 €	5.568,26 €	<b>5.568,26 €</b>
OIDE S.L.	KEVIN JOHANSEN	10.482,76 €	49	8.290,80 €	8.386,21 €	<b>8.290,80 €</b>
OIDE S.L.	LOS SECRETOS+FRANS BANSFIELD	14.294,46 €	45	7.614,00 €	11.435,57 €	<b>7.614,00 €</b>
OIDE S.L.	POL GRANCH	10.379,72 €	51	8.629,20 €	8.303,78 €	<b>8.303,78 €</b>
OIDE S.L.	ANNI B. SWEET	11.256,20 €	49	8.290,80 €	9.004,96 €	<b>8.290,80 €</b>
OIDE S.L.	ELADIO Y LOS SE-RES QUERIDOS	6.627,16 €	52	8.798,40 €	5.301,73 €	<b>5.301,73 €</b>
OIDE S.L.	JUANCHO MAR-QUÉS+CEDECÉ	11.161,38 €	52	8.798,40 €	8.929,10 €	<b>8.798,40 €</b>
OIDE S.L.	THE SOUL JACKET	7.071,42 €	49	8.290,80 €	5.657,14 €	<b>5.657,14 €</b>
OIDE S.L.	KUTXI ROMERO Y LOS MOTORES	11.156,66 €	46	7.783,20 €	8.925,33 €	<b>7.783,20 €</b>
OIDE S.L.	DAVID REES	8.671,85 €	49	8.290,80 €	6.937,48 €	<b>6.937,48 €</b>
OIDE S.L.	LA HABITACIÓN ROJA	7.348,68 €	44	7.444,80 €	5.878,94 €	<b>5.878,94 €</b>
OIDE S.L.	SR. CHINARRO+MOON CRESTA	10.655,60 €	48	8.121,60 €	8.524,48 €	<b>8.121,60 €</b>
OIDE S.L.	LA BIEN QUERIDA+FRANS BANFIELD	10.091,95 €	47	7.952,40 €	8.073,56 €	<b>7.952,40 €</b>
OIDE S.L.	EL KANKA	22.199,67 €	57	9.644,40 €	17.759,74 €	<b>9.644,40 €</b>
OIDE S.L.	CALIFATO 3/4	8.659,41 €	50	8.460,00 €	6.927,53 €	<b>6.927,53 €</b>
OIDE S.L.	SIDONIE 3/07	16.683,11 €	53	8.967,60 €	13.346,49 €	<b>8.967,60 €</b>
OIDE S.L.	SIDONIE 4/07	16.323,11 €	48	8.121,60 €	13.058,49 €	<b>8.121,60 €</b>
OIDE S.L.	TONY LOMBA+ELIODOS SANTOS+ALFEIZAR	6.263,84 €	52	8.798,40 €	5.011,07 €	<b>5.011,07 €</b>
OIDE S.L.	NACH PIANO Y VOZ+ WYGGA	12.656,80 €	50	8.460,00 €	10.125,44 €	<b>8.460,00 €</b>
OIDE S.L.	CORIZONAS+TONHITO DE POI	11.398,60 €	54	9.136,80 €	9.118,88 €	<b>9.118,88 €</b>
OIDE S.L.	LEO HARLEM 15/07	12.555,24 €	50	8.460,00 €	10.044,19 €	<b>8.460,00 €</b>

OIDE S.L.	LEO HARLEM 16/07	12.005,24 €	45	7.614,00 €	9.604,19 €	<b>7.614,00 €</b>
OIDE S.L.	WÖYZA	3.984,06 €	52	8.798,40 €	3.187,25 €	<b>3.187,25 €</b>
OIDE S.L.	ANGEL STANICH + INDOMABLE	12.031,20 €	49	8.290,80 €	9.624,96 €	<b>8.290,80 €</b>
OIDE S.L.	DERBY MOTORETA S BURRITO KACHIMBA+ ZELTIA	10.776,12 €	51	8.629,20 €	8.620,90 €	<b>8.620,90 €</b>
OIDE S.L.	R DE RUMBA + SHO HI	12.755,42 €	49	8.290,80 €	10.204,34 €	<b>8.290,80 €</b>
OIDE S.L.	PACO IBÁÑEZ	14.705,11 €	50	8.460,00 €	11.764,09 €	<b>8.460,00 €</b>
OIDE S.L.	BATEA	4.462,10 €	49	8.290,80 €	3.569,68 €	<b>3.569,68 €</b>
OIDE S.L.	FREEDONIA + IT'S SOUL	10.975,45 €	52	8.798,40 €	8.780,36 €	<b>8.780,36 €</b>
OIDE S.L.	TRIANGULO DE AMOR BIZARRO	9.467,57 €	54	9.136,80 €	7.574,06 €	<b>7.574,06 €</b>
OIDE S.L.	MOCEDADES	11.170,15 €	50	8.460,00 €	8.936,12 €	<b>8.460,00 €</b>
OIDE S.L.	BALA	7.013,90 €	52	8.798,40 €	5.611,12 €	<b>5.611,12 €</b>
OIDE S.L.	CIMAFUNK	8.449,44 €	49	8.290,80 €	6.759,55 €	<b>6.759,55 €</b>
OIDE S.L.	JORGE DREXLER 10/08	18.551,30 €	53	8.967,60 €	14.841,04 €	<b>8.967,60 €</b>
OIDE S.L.	JORGE DREXLER 11/08	18.494,09 €	48	8.121,60 €	14.795,27 €	<b>8.121,60 €</b>
OIDE S.L.	DORIAN	15.821,73 €	53	8.967,60 €	12.657,38 €	<b>8.967,60 €</b>
OIDE S.L.	GRISON Y CARAVACA	7.616,09 €	50	8.460,00 €	6.092,87 €	<b>6.092,87 €</b>
OIDE S.L.	KIKO VENENO+ TANXUGUEIRAS	16.600,00 €	48	8.121,60 €	13.280,00 €	<b>8.121,60 €</b>
OIDE S.L.	BELY BASARTE+CAROLINA RUBIROSA	12.000,00 €	54	9.136,80 €	9.600,00 €	<b>9.136,80 €</b>
OIDE S.L.	RULO Y LA CONTRABANDA	12.700,00 €	47	7.952,40 €	10.160,00 €	<b>7.952,40 €</b>
OIDE S.L.	RULO Y LA CONTRABANDA	12.700,00 €	42	7.106,40 €	10.160,00 €	<b>7.106,40 €</b>
OIDE S.L.	POL 3.14	9.700,00 €	56	9.475,20 €	7.760,00 €	<b>7.760,00 €</b>
OIDE S.L.	MALDITO MURPHY	7.300,00 €	52	8.798,40 €	5.840,00 €	<b>5.840,00 €</b>
OIDE S.L.	FUNZO Y BABY LOAD	23.000,00 €	59	9.982,80 €	18.400,00 €	<b>9.982,80 €</b>
OIDE S.L.	NADA SURF	16.800,00 €	55	9.306,00 €	13.440,00 €	<b>9.306,00 €</b>
OIDE S.L.	ZENET	9.300,00 €	51	8.629,20 €	7.440,00 €	<b>7.440,00 €</b>
OIDE S.L.	NIÑA PASTORI	36.000,00 €	58	9.813,60 €	28.800,00 €	<b>9.813,60 €</b>
		VALORACIÓN TOTAL OIDE S.L.	2718	459.885,60 €	512.253,36 €	<b>401.667,94 €</b>

**SEGUNDO.-** Ampliar o prazo límite de xustificación das actividades ao 30 de novembro do 2021 de acordo cos fundamentos expostos na parte dispositiva.



## Concello de Vigo

**TERCEIROS.**-Consonte o previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar o presente acordo no portal de transparencia municipal.

**CUARTO.**- Dar traslado do presente acordo ao/s interesado/s.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1030).- ADDENDA Nº 3 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN POR PARTE DESTA AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P.2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330).LUGAR DE PORTO. EXPTE. 4220/440.**

Visto o informe xurídico do 22/10/2021, e o informe de fiscalización do 02/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 25/10/2021, asinado polo xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.- Con data 29 de decembro de 2016, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO. Expte 4220/440". Dito convenio foi asinado polas partes con data de 30 de decembro de 2016.

2.- O citado Convenio na cláusula primeira define que; "*É obxecto do presente convenio iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77"; manifestar a conformidade de ámbalas dúas administracións locais na dita cesión de titularidade e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na "Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77".*"

3.- Os investimentos que se recollen no Convenio fixéronse de conformidade coa Memoria técnica valorada, na que se definían e valoraban o alcance tanto técnico como económico da actuación a desenvolver, cunha estimación orzamentaria 3.311.770,00 euros (IVE incluído) e en 145.235,00 euros, (IVE incluído), os custes de redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, do que resulta un custe estimado total para a actuación de humanización da rúa de 3.457.005,00 euros..

4.- En relación a execución do citado Convenio, ambas partes asinaron con data 21 de decembro de 2018, unha Addenda para prorrogar a vixencia deste convenio, ampliándoo ata o 31 de decembro de 2020.

5.- Con data 27 de decembro ambas partes asinaron unha addenda nº2, que de forma específica acordou:

**PRIMEIRO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o financiamento e anualidades do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO.

**SEGUNDO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto” ampliándoo ata o día **31 de decembro de 2021**.

**TERCEIRO.-** Aprobar a seguinte proposta de financiamento e anualidades:

	TOTAL DA APORTACIÓN	2016	2017	2018	2019	2020
Deputación Provincial de Pontevedra	2.419.903,50€	800.000,00€	1.619.903,50€	0,00€	0,00€	0,00€
Concello de Vigo	413.924,00€	0,00€	77.924,00€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€
<b>TOTAL</b>	<b>2.833.827,50€</b>	<b>800.000,00€</b>	<b>1.697.827,50€</b>	<b>0,00€</b>	<b>100.000,00€</b>	<b>236.000,00€</b>

De acordo coa proposta de axuste de anualidades o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de



## Concello de Vigo

execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada.

**CUARTO.-** En todo o demais, o texto do convenio asinado o 30 de decembro de 2016 mantense invariable, suxeitándose as partes ó seu clausulado, agás o recollido na cláusula terceira no referido a que as achegas das administracións se reducirán de acordo coa proposta desta addenda e o recollido na cláusula sétima no referido a vixencia do convenio de colaboración.

6- A cláusula "SEXTA" do convenio prevé a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Entre as competencias de dita comisión de seguimento atopase a de *"emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire."*

7.- Por parte do Concello de Vigo se presenta ante a comisión de seguimento, informe asinado polo director facultativo da obra de data 04/10/2021, no que se indican as incidencias da execución, así como o estado da tramitación dun modificado nº1 desta obra, concluíndo que ***"Dende a Dirección de Obra considérase como data previsible para reiniciar os traballos entorno ao 15 de febreiro do 2022, despois da finalización da tramitación administrativa do "MODIFICADO nº 1". Tendo en conta que o prazo previsto de execución das obras pendentes é de 5 meses e que a tramitación final de recepción das obras por parte do Concello pode alongarse uns tres meses máis, considérase que a data previsible de peche do expediente da "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 – CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" estaría no entorno do 15 de outubro de 2022."***

8.- A Comisión de Seguimento reunida en data 14.10.2021, tras analizar o asunto, adoptou por unanimidade o Acordo que se transcribe co fin de asinar unha nova addenda ao Convenio; e procedeu a dar traslado do mesmo ao Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra.

*A vista dos antecedentes expostos sobre o esta de execución do convenio os asistentes da Comisión de seguimento acordan por unanimidade aprobar a proposta técnica realizada para a adecuación do prazo de vixencia do convenio, ampliándoo o mesmo ata o 15 de outubro de 2022, e proceder a dar traslado do mesmo a ambas entidades, para proceder ao desenvolvemento dos correspondentes expedientes administrativos conducentes a aprobación dunha addenda ao Convenio obxecto deste expediente de acordo cos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do "Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada

*provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto” ampliándoo ata o día 15 de outubro de 2022.*

*SEGUNDO.- En todo o demais o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016, coas modificacións introducidas polas addendas asinadas mantense invariable, suxeitándose as partes as cláusulas destes acordos.*

9.- Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 18/10/2021, se inicia o expediente para a aprobación da Addenda 3 ao Convenio.

10.- A Memoria subscrita polo Xefe da Área de Investimentos e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da área de Fomento con data 19 de outubro de 2021 xustifica a necesidade da Addenda nº 3 ao devandito Convenio, á finalidade do mesmo e o cumprimento dos principios estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ademais, consta incorporado ao expediente informe do Tesoreiro municipal e responsable superior do control contable e orzamentario, de data 22 de outubro de 2021, xustificativo de non atoparse incurso esta Administración municipal en circunstancia impeditiva de obter a condición de beneficiaria de subvencións.

IX.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 22 de outubro de 2021 emite informe xurídico favorable á aprobación da addenda nº3 ao devandito Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Públicos, 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do TRRL, 34 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e 310 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia. Segundo esta normativa, as Administracións Públicas poderán celebrar acordos pactos e convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

II.- En canto ó contido da Addenda nº2 o mesmo é axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase na Memoria obrante no expediente.

III.- A addenda nº 3 ao Convenio de colaboración ten por finalidade a adecuación do prazo de vixencia do convenio, que xa fora ampliado por dous anos na Addenda nº1, e por un ano mais na addenda nº2, axustándose aos límites e requisitos establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, que establece que o prazo máximo de vixencia do convenio é de catro anos, podendo prorrogarse, antes da finalización do prazo por acordo unánime por un período de ata catro anos.

IV.- O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda nº 2 ao Convenio,





## Concello de Vigo

recóllese na Memoria xustificativa da addenda convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG e artigo 50 da LRXSP.

V.- Respecto o procedemento e competencia: a aprobación da addenda debe seguir os mesmos trámites que a aprobación do convenio. Constan no expediente de aprobación os documentos necesarios para a súa tramitación: informe técnico xustificando a addenda nº 3 e texto proposto, resolución de inicio, informe xurídico, así como acta da comisión de seguimento do convenio acordando a proposta deste addenda.

O artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola lei 27/2013, atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de infraestrutura viaria.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da Addenda ao convenio. Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

VI.- O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe, e tamén da addenda que agora se propón a aprobación.

De acordo co artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro dos tres meses seguintes á sinatura a mesma deberá ser remitida electrónicamente ao Consello de Contas de Galicia, ao superar os compromisos económicos asumidos os 600.000 euros. Igualmente deberá comunicarse ao consello de Contas de Galicia, cantas modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos que se poidan producir, así como a extinción do convenio indicados.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar a Addenda nº 3 ó “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO”, modificando a cláusula sétima do convenio (“vixencia do convenio de colaboración”) asinado con data do 30/12/2016 e as addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 15 de outubro de 2022, de acordo coa proposta de addenda que se achega a esta proposta no texto transcrito como Anexo I.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para

proceder á sinatura da addenda por ambas entidades.

**Terceiro.**-Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión Municipal aos efectos de publicidade.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO I**

ADDENDA Nº 3 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.O. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIGA (PO 330). LUGAR DE PORTO”, PARA A SÚA ADECUACIÓN TEMPORAL

Vigo, de do 2021

## **REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,



## Concello de Vigo

### EXPOÑEN

I.- Que con data de 30 de decembro de 2016 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77” e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”.

II.- En relación a execución do citado convenio, ambas partes asinaron con data 21 de decembro de 2018, unha addenda para prorrogar a vixencia deste convenio, ampliándoo ata o 31 de decembro de 2020, e así mesmo con data 27 de decembro de 2019 foi asinada unha addenda nº2 que entre outros asuntos acorda ampliar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

III.- O pacto “SEXTO” do convenio prevé a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de “emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.”

Dita Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

IV.- O pacto “Sétimo” indica en relación a vixencia do convenio que esta “poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.”

V.- Que, en data 14 de outubro de 2021, a “Comisión de Seguimento” do convenio de colaboración obxecto deste expediente, en base a proposta realizada polo Concello de Vigo, acorda por unanimidade a proposta técnica realizada para a adecuación do prazo de vixencia do convenio, ampliando o mesmo ata o 15 de outubro de 2022, e proceder a dar traslado do mesmo a ambas entidades, para proceder ao desenvolvemento dos correspondentes expedientes administrativos conducen-tes a aprobación dunha addenda ao Convenio obxecto deste expediente de acordo cos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330).

Lugar de Porto”, modificando a cláusula sétima do convenio (“vixencia do convenio de colaboración”) asinado con data do 30/12/2016 e as addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 15 de outubro de 2022.

**SEGUNDO.-** En todo o demais o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016, coas modificacións introducidas polas addendas asinadas mantense invariable, suxeitándose as partes as cláusulas destes acordos.

**VI.-** Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación do prazo de vixencia do " CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO. EXPTE 4220/440". conforme ós seguintes

#### **PACTOS**

**PRIMEIRO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Bea-de a Garrida (PO 330). Lugar de Porto”, modificando a cláusula sétima do convenio (“vixencia do convenio de colaboración”) asinado con data do 30/12/2016 e as addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 15 de outubro de 2022.

**SEGUNDO.-** En todo o demais o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016, coas modificacións introducidas polas addendas asinadas respectivamente con data 21/12/2018 e 27/12/2019, que non sexan contrarios a este acordo mantense invariable, suxeitándose as partes as cláusulas destes acordos.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

#### **15(1031).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO «PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE». EXPTE. 1058/441.**

Visto o informe de fiscalización do 10/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 08/11/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**



## Concello de Vigo

**I.-** O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa Next Generation EU, o maior instrumento de estímulo económico xamais financiado pola Unión Europea, en resposta á crise sen precedentes causada polo coronavirus.

O Mecanismo facilita aos 27 Estados membros apoio a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas que contribúan á recuperación da economía e o emprego e oriéntense a abordar os principais retos económicos e sociais post COVID.

Está dotado con 672.500 millóns de euros para apoiar as reformas e investimentos emprendidos polos países da UE desde febreiro de 2020. A través deste mecanismo, España accederá a un total de 140.000 millóns de euros entre 2021 e 2026, dos cales preto de 70.000 millóns serán en forma de transferencias.

Para poder acollerse a este programa os Estados membros deben presentar Plans nacionais de recuperación e resiliencia nos que se definen programas actuación co obxectivo de intensificar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica e social, así como de acelerar as transicións ecolóxica e dixital.

**II.-** O Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da economía española e, con data de 16 de xuño de 2021, a Comisión Europea avaliou positivamente o mesmo.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) é o instrumento fundamental para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation EU. O PRTR céntrase na primeira fase de execución e detalla os investimentos e reformas no período 2021-2023, mobilizando preto de 70.000 millóns de euros de transferencias do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia co fin de impulsar a recuperación e lograr o máximo impacto contra-cíclico.

**III.-** En data 13 de xullo de 2021 procedeuse á aprobación polos Ministros de Economía e Finanzas da UE do plan de reformas e inversións que permitirán ao goberno español acceder a un anticipo automático do 13% das subvencións a fondo perdido que recibirá España con cargo aos fondos Next Generation EU hasta o 2026, o que determina a necesidade de poñer en marcha o programa.

**IV.-** E así, o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, por Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, aprobou as bases reguladoras do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a convocatoria correspondente ao exercicio 2021 e a Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de setembro de 2021, acordou a participación do concello de Vigo na mesma e a presentación a tal fin dos proxectos e actuacións que no mesmo se identifican.

**V.-** O desenvolvemento dos proxectos e actuacións susceptibles das subvencións a que se refire o parágrafo anterior, e en xeral a meirande parte das actuacións municipais susceptibles de ser financiadas con cargo aos fondos Next Generation EU e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do goberno de España, corresponde fundamentalmente ás Áreas de Administración Electrónica e de Fomento e Servizos desta Administración municipal, sendo así que o volume actual de traballo das ditas áreas supera amplamente as capacidades do persoal principalmente técnico co que estas

contan; problema que na Área de Fomento e Servizos vese máis agravado aínda, se cabe, tal como xa se ten informado, por (i) a suspensión do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para os anos 2020-2021 que permite ás entidades locais facer un emprego libre do seu remanente dispoñible e o feito de a suspensión do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para os anos 2020-2021, permite que as EE.LL poidan facer un emprego libre do seu Remanente dispoñible e o feito de que o Pleno do Concello de Vigo teña actualmente aprobadas dúas modificacións orzamentarias por un importe máis de 45 millóns euros que xeraron máis de 50 actuacións actualmente en tramitación nesta Área de Fomento e Servizos; (ii) a aprobación dun convenio de cofinanciamento trianual coa Deputación Provincial de Pontevedra que suporá novas actuacións, xunto co plan de investimentos municipais, e as importantes actuacións que se atopan tamén actualmente en marcha ou próximas ao seu comezo (principalmente as obras de humanización da Porta do sol, as obras de accesos ao complexo Vialia, a reforma do Estadio Municipal de Balaídos, a reforma da Estación potabilizadora de O Casal); (iii) a todas estas actuacións cabe engadir o seguimento e, no seu caso licitación, dos maiores contratos de servizos (ou concesión de servizos) do Concello de Vigo: servizo de abastecemento e saneamento (que durante os próximos 5 anos levará a cabo un volume importantísimo de inversión, servizo de limpeza, servizo de mantemento de viais, reparacións da flota do parque móbil municipal, seguros da flota do parque móbil municipal, mantemento alumeadado público, entre os principais.

**VI.-** As circunstancias e actuacións descritas permiten prever un incremento exponencial da carga de traballo para as Áreas de Fomento e Servizos e de Administración Electrónica, inasumible por estas, sen un importante incremento do persoal técnico cando se deban acometer os proxectos e actuacións a financiar con cargo aos fondos Next Generation EU e o PRTR do Goberno de España.

**VII.-** Así as cousas 2º Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, con data 5 de outubro de 2021, resolveu iniciar expediente para a aprobación do «Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE» para o reforzo do persoal técnico das áreas concernidas.

**VIII.-** Neste expediente solicitouse informe do Xefe do Servizo de Administración Electrónica, en relación coas necesidades desta Área para acometer o incremento da carga de traballo que se prevé. O informe solicitado foi emitido o 6 de outubro de 2021, coa conformidade da Concelleira Delegada, e nel concúese que:

«Á vista do exposto, considérase necesario, para facer fronte ás necesidades derivadas do desenvolvemento dos proxectos incluídos dentro do marco de Axudas do programa “Next Generation”, conformar unha bolsa de emprego para dotar ao servizo de a lo menos 2 técnicos cualificados, polo sistema do concurso de méritos. Como requisito específico para o desempeño dos postos de Técnico/a de Sistemas, no ámbito de desempeño solicitado, considerase adecuado estar en posesión de título académico oficial de grado en Enxeñería de telecomunicacións ou en enxeñería informática».



## Concello de Vigo

IX- Pola súa parte, con data 27 de outubro de 2021 esta Xefatura do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, coa conformidade do Concelleiro Delegado, emitiu informe no mesmo expediente sobre as necesidades de recursos humanos da Área de Fomento e Servizos no que conclúe o que segue:

«(...) Xustificación da urxencia e persoal necesario.- O inicio das convocatorias destinadas ás entidades locais pola AGE, así como a previsible adxudicación de fondos e a necesidade da súa xestión e execución fai necesario, imprescindible, inaprazable e urxente o reforzo de persoal técnico para as citadas funcións debido á escasez de persoal técnico exposta

A necesidade de por en marcha os procesos de solicitudes así como cumprir os prazos e establecidos na execución dos proxectos seleccionados (algúns deles xa con cobertura orzamentaria de recursos propios nos orzamentos municipais) así como a situación de déficit actual de persoal, especialmente técnico, fai imprescindible, urxente e inaprazable a incorporación de persoal específico para realizar as tarefas propias do programa.

O persoal mínimo necesario para desenvolver as tarefas referidas cun mínimo de garantías constaría de 4 Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos; 3 Enxeñeiros/as Industriais, 3 Técnicos/as de Administración Xeral; 2 auxiliares administrativos e 1 técnico/as de xestión de programas europeos. O persoal descrito, sen prexuízo da súa adscripción funcional ao Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento realizará unha labor transversal nas diferentes fases do programa, apoiando a diferentes servizos xestores (fomento, contratación, etc) en función das necesidades e funcións encomendadas. A non dotación deste persoal técnico fai imposible a asunción das tarefas necesarias polo escaso persoal dispoñible na Área de Fomento».

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- A posibilidade de que esta administración municipal nomee funcionarios interinos para atender as funcións técnicas que requiren as actuacións de referencia que se prevén esta contemplada no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), de aplicación na administración local, que establece que son funcionarios interinos, os que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados, como tales con carácter temporal para o desenvolvemento de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas, entre as que figura, no punto c, “a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a 3 anos, ampliable ata doces máis polas leis de Función Pública que se diten no desenvolvemento deste Estatuto”

II.- A aprobación do expediente correspóndelle a Xunta de Goberno Local ao ter atribuídas as competencias en materia de xestión de persoal (Artigo 127.1.g da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local)

Por todo o exposto, previa remisión a Área de RRHH e Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobado o «Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE», que se concreta na declaración de urxencia do nomeamento dos funcionarios interinos que se sinalan no apartado que segue.

**SEGUNDO.-** Declarar a urxencia do nomeamento de funcionarios interinos para a execución do devandito programa: 4 Enxeñeiros/as de Caminos, Canais e Portos, 3 Enxeñeiros/as Industriais, 2 Técnicos/as de Sistemas, 3 Técnico/as de Administración Xeral, 2 Técnicos/as de xestión de programas europeos, 2 auxiliares administrativos, por execución de programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP.

O persoal descrito adscribírase orgánica e funcionalmente ao Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento sen prexuízo do desenvolvemento das súas funcións nos diferentes servizos xestores municipais ao tratarse dun programa de carácter transversal.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo a Área de RRHH e Formación aos efectos de proceder, previa as tramitacións administrativas necesarias a tramitar os procedementos administrativos necesarios que permita o nomeamento dos devanditos funcionarios.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1032).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”. EXPTE. 5264/443.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 10/11/2021, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- En data 22.07.2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”, redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €) e sinatura dixital de data 19.07.2021. (Expte.5067-443).

O devandito proxecto contempla, entre outras actuacións, a demolición da edificación existente na parcela sobre a cal se proxecta a nova edificación para parque de bombeiros e





## Concello de Vigo

protección civil.

II.- Unha vez aprobado o proxecto de obras en cuestión, detéctase que a devandita parcela de titularidade municipal, atópase dentro do ámbito dun Área de Ordenación Detallada (APR A-3-10 ESTURÁNS), a cal dispón de proxecto de urbanización aprobado que contempla a demolición da edificación existente, polo que compre proceder a súa corrección, levando a cabo así mesmo, unha reformulación do orzamento do proxecto.

A ditos efectos, consta no expediente administrativo de referencia, informe técnico asinado en data 03.11.2021 polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Xerencia de Urbanismo, indicando o seguinte:

*“El proyecto de urbanización de la AOD A-3-10 ESTURANS – POLIGONO II fue aprobado definitivamente en Junta de Gobierno Local en sesión ordinaria del 17 de julio de 2020, expediente 5250/401.*

*El promotor de las obras ha constituido la fianza en metálico correspondiente al 10% del PEM conforme a lo estipulado en el artículo 230 del RD 143/2016, del 22 de septiembre por el que se aprueba el reglamento de la Ley 2/2016 del suelo de Galicia.*

*Asimismo se están tramitando en esta gerencia licencias para un edificio y una gasolinera en este ámbito.*

*No obstante, no existe en la actualidad inconveniente ni tramite pendiente para el inicio de las obras de urbanización.*

*Consta en el proyecto de urbanización, en el capítulo de demoliciones, la demolición de la nave que ahora ocupa la parcela donde se pretende ejecutar este parque de bomberos, por lo que esta demolición se podría iniciar inmediatamente al comenzar las obras de urbanización.*

*Es de suponer que la propiedad no haya iniciado aun las obras de urbanización hasta no tener concedidas estas licencias, con lo que, completando el 90% restante de garantía, podría simultanear urbanización y edificación.*

*Para que la parcela adquiera la condición de solar se debería rematar, como mínimo) la Fase 1 de este proyecto, de todos modos, según indica artículo 227 del RD 143/2016, del 22 de septiembre por el que se aprueba el reglamento de la Ley 2/2016 del suelo de Galicia, se podrían ejecutar las obras ordinarias necesarias para dotar a la parcela de la condición de solar en caso de que las obras de urbanización se paralizasen por algún motivo.*

*Este técnico considera que es probable que las obras de urbanización comiencen en un plazo no mayor de seis meses, dado que el sólido en el que se pretende ejecutar el edificio, ya ha sido adquirido por una cooperativa de viviendas y los propietarios de la gasolinera quieren empezar las obras en cuanto obtengan la preceptiva licencia, licencias ambas en un estado de tramitación avanzado”*

III.- En consecuencia, por parte dos Arquitectos Municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, remítese novamente proxecto de obras de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €) e sinatura dixital de data 22.10.2021.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 22.10.2021, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar novo expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación se desenrola na rúa Esturáns n.º 2, nunha parcela de titularidade municipal segundo o rexistro de propiedade n.º 3 de Vigo, e finca n.º 79475, figura con n.º de ben 4319. Proponse una nova edificación composta de sótano, baixo dúas plantas e torreón de practica cunha superficie útil total de 1.763,70 m<sup>2</sup>, para parque de bombeiros e protección civil, consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Tendo en conta que segundo consta no proxecto de urbanización aprobado a demolición da edificación existente esta contemplada coa execución de dita urbanización, polo que unha vez efectuada, procederase a efectuar o vaciado de terras ata correspondente cota sinalada para o soto. A partir do cal efectuarase a escavación correspondente para as zapatas e muro perimetral proposto, para de seguido proceder a execución da estrutura autoportante (piases, vigas e forxados) de formigón armado na zona do edificio, e estrutura metálica na zona de cocheiras e torre de adestramento, paralelamente efectuarase a rede de saneamento horizontal, diferenciando entre pluviais e fecais, e posterior soleira de formigón en soto sobre soleira de formigón ventilada tipo Cáviti o similar.
- A cuberta plantexase dúas opcións, na zona de cocheiras a base de chapa metálica grecada, cos correspondentes illamentos, e no resto do edificio cubertas planas, co correspondente illamento, recrecidos de morteiro para a formación de pendentes, sendo transitables nas zonas de terraza previstas no proxecto.
- En canto as fachadas proponse, na zona do edificio Fabrica de ladrillo H.D. cámara de aire, e folla interior de ladrillo a tabicón, enfoscado no seu interior a base inducido de xeso, como acabado exterior proponse perfil arquitectónico metálico, así como o revestimento na zona de cocheiras, todo elo sobre perfilaría metálica.
- Tabiquería interior a base de tabicón de ladrillo cerámico enfoscado a ambas caras e na zona de separación entre a zona de vehículos en resto na plana baixa a base de muros de bloque de formigón armados. En canto a carpintería exterior resolveuse a



## Concello de Vigo

base de aluminio con rotura de ponte térmico, asentado sobre marco perdido, co seu correspondente acristalamento, e recercado exterior metálico no encontro cos paramentos exteriores de fachada, e as correspondentes varandas metálicas e de vidro, e a zona de portalóns propónse a chapa metálica. Carpintería interior a base portas interiores practicables e de correioira a base de cerco perdido, marco de madeira en bastidor e panos intermedios de chapa de madeira con lan absorbente acústico, revestimento interiores en zonas indicadas así como formación e cabinas sanitarias con taboleiro de fibras fenólicas.

- Pavimentos en zona de rodadura de vehículos o pavimento será unha soleira de formigón, con fibras de alta resistencia, para as zonas de rodadura e acabado pulido, nas zonas comúns de tránsito propónse un recrecido de morteiro sobre pranchas de poliestileno con acabado de pintura multicapa epoxi antideslizante, nas zonas de estancia propónse o acabado a base de linolium sobre solo radiante. En canto aos acabados verticais propónse nas zonas húmidas alicatados de gres porcelánico, pinturas intumescentes nos elementos da estrutura metálica vista e no resto pintura plástica lisa. En canto a teitos prevee a instalación de pranchas de xeso laminado.
- O edificio en si estará dotado de sistema de climatización, renovación de aire e ventilación dos locais habitables, instalación de subministro de auga no seu interior, así como louza e grifería nos locais húmidos previstos, sistema de recollida de augas pluviais e fecais, Distribución de subministro eléctrico no seu interior cos seus correspondentes sistemas de distribución e iluminación definidos o detalle no proxecto. Previsión de instalación e distribución de rede de megafonía, voz e datos, sistemas de seguridade, instalación aire comprimido, sistema de protección contra lumes, e dotación de ascensor eléctrico na zona de uso do propio edificio.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOCE) 12 meses.

**VI.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución da *Agencia Estatal de Seguridade Aérea*, de data 29.06.2021, autorizando a execución das obras proxectadas, por atoparse a construción proxectada en terreos afectados por servidumes aeronáuticas establecidas para o aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, do 25 de setembro, polo que establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 1986, con corrección de erros en BOE núm. 288, do 2 de decembro de 1986).

**VII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 08.11.2021 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*“A actuación proposta a efectos urbanísticos en solo urbano non consolidado dentro do ámbito dun Área de Ordenación Detallada (APR A-3-10 ESTURÁNS), dita área foi desenrolado a abeiro do I.O.P. con aprobación definitiva de data 24/07/2019, coa cualificación de equipamento, en sesión de pleno de data 29/07/20, determina que a parcela en cuestión dispón da cualificación de Uso dotacional servizos públicos (Categoría 15. Centros destinados á prestación de servizos públicos. Subcategoría 3.- Seguridade Cidadá: Instalacións destinadas a salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos:*

*comisarías, parques de bombeiros....)*

*A súa vez a citada Área de ordenación dispón de proxecto de urbanización aprobado en sesión de Xunta de Goberno Local de data 17/07/2020. E o proxecto presentado segundo se determina no apartado 1.3.1, adecuase a normativa que e de aplicación.*

*No referente ao documento de aprobación inicial do novo PXOU, en fase de exposición, indicar que o mesmo recolle, dito planeamento en desenrolo como API-206, Área de planeamento incorporada.*

*Dispón de autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de data 29/06/21, con n.º de expediente E21-2596, por atoparse afectada por servidumes aeronáuticas.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

*No que respecta ao proxecto anterior, na nova proposta de proxecto, a efectos valorativos suprimiuse a partida económica correspondente a demolición, pero mantense o mesmo importe total, xa que debido a situación actual de incremento no custe de materias básicas como o aceiro o que incide directamente nas unidades de obra da perfilería metálica, e nas unidades de formigón armado, e se incrementa un pequeno %, no apartado de imprevistos, mantendo o mesmo inferior a o 5%.*

#### **CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei



## Concello de Vigo

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto básico e de execución de “NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL”, redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €) e asinado dixitalmente en data 22.10.2021.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1033).- PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS, NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA CON OU SEN CONDUTOR PARA REPARACIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 82229/250.**

Visto o informe xurídico do 04/11/2021 e o informe de fiscalización do 09/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 26/10/2021, asinado pola técnica de xestión, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o responsable do contrato e xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

## I.- ANTECEDENTES.

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 07/12/2018, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (C.I.F. A36008886) o contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250) por procedemento aberto e por un prezo total de OITOCENTOS SETENTA E UN MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS E DOCE CÉNTIMOS (871.199,12 €) sendo a cota correspondente ao IVE de 151.199,84 €, e unha baixa proporcional única do 36,41% a aplicar de forma uniforme a todos os prezos unitarios do contrato fixados no cadro I do Anexo I ao PPT.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 11/01/2019, consta na Cláusula Cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 12/01/2019.

**Terceiro.-** En data 30/12/2020 a Xunta de Goberno Local acordou *“Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250), formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. polo período comprendido desde o 12/01/2021 ata o 11/01/2022.”*

Asemade, acordou a autorización do “gasto estimado do contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250) a favor da entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (C.I.F. A36008886) por importe de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (435.599,56 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (75.599,92 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservacion de vias e espacios publ.”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 12/01/2021 e o 31/12/2021: **422.471,90 €.**
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 11/01/2022: **13.127,66 €.”**

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do



## Concello de Vigo

contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da segunda prórroga do contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no Taller de Vías e Obras por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante o prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 12/01/2022 ao 11/01/2023, sendo que o prezo anual ascende a un total de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (435.599,56 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (75.599,92 €).

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservacion de vias e espacios publ.", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 12/01/2022 e o 31/12/2022: **422.471,90 €.**
- **Ano 2023:** período comprendido entre o 01/01/2023 e o 11/01/2023: **13.127,66 €.**

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250), formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. polo período comprendido desde o 12/01/2022 ata o 11/01/2023.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato mixto de subministro e servizos, na súa modalidade de arrendamento de maquinaria con ou sen condutor para reparación de infraestruturas viarias no taller de Vías e Obras (82229-250) a favor da entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (C.I.F. A36008886) por importe de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (435.599,56 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (75.599,92 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservacion de vías e espacios publ.”, segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 12/01/2022 e o 31/12/2022: **422.471,90 €.**
- **Ano 2023:** período comprendido entre o 01/01/2023 e o 11/01/2023: **13.127,66 €.**

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1034).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”. EXPTE. 87871/250.**

Visto o informe xurídico do 04/11/2021 e o informe de fiscalización do 05/11/2021, dáse conta do informe-proposta do 03/11/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** A realización de traballos por parte do Servizo de Vías e Obras fai necesario o subministro de diversos elementos fundamentais para os devanditos traballos como son os formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería, así como os formigóns bituminosos.

**2º.-** Tendo en conta o anterior, e que o Concello de Vigo non dispón dos devanditos





## Concello de Vigo

materiais nin dos medios materiais nin humanos para producilos, a Xunta de Goberno Local aprobou, en sesión extraordinaria e urxente do 27/09/2017, a adxudicación da contratación dos subministros de formigóns e morteiros (lote 1), áridos (lote 2), materiais de construción (lote 3) e materiais de ferretería (lote 4).

**3º.-** Os devanditos contratos, actualmente en vigor, teñen unha duración de dous anos con dúas prórrogas dun ano cada unha delas. Finalizados os contratos a 24/10/2019, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira prórroga dos mesmos en sesión de data 17/10/2019 e a segunda prórroga en data 22/10/2020, rematando os contratos o 24/10/2021. Por este motivo faise necesario proceder a preparar o expediente para a contratación do subministro de formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería, así como os formigóns bituminosos.

**4º.-** Asemade, as obras de diversa natureza que realiza o Taller de Vías e Obras, inclúe unha parte das mesmas que se desenvolve en viais onde son imprescindibles as reposicións dos pavimentos con formigóns bituminosos, material do que carece o Servizo polo que se fai necesario incluír un novo lote os xa existente para o subministro dos devanditos formigóns bituminosos.

**5º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 28, 29 e 30/07/2021.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30/07/2021.
- C) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento (Por delegación de data 04/08/2021, a Técnica de Xestión) e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06/08/2021.
- D) Certificados de existencia de crédito (RC nº202100075447 e RCFUT1 nº202100075448) asinados polo Director Superior Contable en data 10/08/2021.
- E) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras en data 29/09/2021, e os seus anexos asinados en data 02/08/2021.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 29 e 30/09/2021.
- G) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 30/09/2021.

H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 30/09/2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.c establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como, as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto simplificado, ao ser un contrato de subministro cun valor estimado inferior ao establecido no artigo 21.1.a).

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do **“SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”**, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.170.000,00 €.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras en data 29/09/2021, e os seus anexos asinados en data 02/08/2021.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 30/09/2021.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN CENTO SETENTA MIL EUROS (1.170.000,00 €)**, IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 203.057,85 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 ("Conservación de viais e espazos públicos"), segundo a distribución de anualidades proposta.

	2021	2022	2023	TOTAL
<b>Lote nº 1: Subministro de formigóns e morteiros</b>	33.333,33 €	200.000,00 €	166.666,67 €	<b>400.000,00 €</b>
<b>Lote nº 2: Subministro de áridos</b>	8.333,33 €	50.000,00 €	41.666,67 €	<b>100.000,00 €</b>
<b>Lote nº 3: Subministro de materiais de construción</b>	37.500,00 €	225.000,00 €	187.500,00 €	<b>450.000,00 €</b>
<b>Lote nº 4: Subministro de materiais de ferretería</b>	13.333,33 €	80.000,00 €	66.666,67 €	<b>160.000,00 €</b>
<b>Lote nº 5: Subministro de formigón bituminosos</b>	5.000,00 €	30.000,00 €	25.000,00 €	<b>60.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	97.499,99 €	585.000,00 €	487.500,01 €	<b>1.170.000,00 €</b>

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Subvención nominativa á "Asociación Amigos do Pintor Colmeiro " para o financiamento do programa de actividades 2021. expte. 4023/330.
- .- Aceptación da subvención concedida por Resolución provisional da convocatoria de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española. expte. 1060/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **19(1035).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "ASOCIACIÓN AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO " PARA O FINANCIAMIENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2021. Expte. 4023/330.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 29/10/2021 e o informe de fiscalización do 16/11/2021, dáse conta do informe-proposta de data 26/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 6 de setembro do 2021, "A Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do seu programa de actividades 2021; por este motivo, con data 13 de



## Concello de Vigo

setembro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 do orzamento municipal vixente.

*O día 21 de outubro do 2021, o concelleiro delegado de Cultura resolveu **minorar o importe da subvención a conceder á entidade "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o financiamento da súa programación de actividades 2021, correspondéndolle en concepto de subvención a cantidade de 9.011,53 euros, dado que o custo da actividade subvencionada é de 9.011,53 euros.***

A entidade interesada aceptou o dito importe de 9.011,53 euros, mediante escrito de reformulación de subvención presentado na sede electrónica o día 20.10.2021 (doc. 210212100).

### ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor, fomentar o estudo e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e elaborar un catálogo razoado.

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

A programación está composta de dúas partes:

#### **PRIMEIRA PARTE:**

Trátase dunha edición da obra do pintor Colmeiro dos “ debuxos da guerra” nun caderno , obra pouco coñecida polo gran publico e de escasas edicións.

**DATA:** A partir de primeiros de outubro

#### **SEGUNDA PARTE:**

Realización de mostra e catálogo adicadas á obra gráfica de Colmeiro, Picasso, Seoane e Vertès no Museo do Gravado de Artes (Ribeira) e na Casa das Artes de Vigo. A publicación levará o título de Un humanismo moderno: Colmeiro, Seoane, Picasso, Vertès.

#### **DATAS:**

A mostraxe realizarase na planta primeira-rúa Policarpo Sanz da Casa das Artes en Vigo do 21 de outubro ao 21 de novembro de 2021.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 9.011,53 euros, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade

- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de reformulación de solicitude de subvención polo importe de 9.011,53 euros

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" para o financiamento do programa de actividades 2021, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a " Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De forma excepcional, polos prazos de remate de execución da actividade subvencionada, propónse á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo estipulado nas "Normas de peche do exercicio orzamentario 2021" (expte 73/142), aprobadas por resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, para a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións, de forma que neste caso deberán ser remitidos para a súa comprobación con data límite 30 de novembro de 2021.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



## Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Programa de Actividades 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.09** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.011,53 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro " é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

PRIMEIRO.-“ Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de **9.011,53 euros** á “ Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro” CIF. G-27859834, para o financiamento do Programa de Actividades 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 “COLECCIÓN COLMEIRO. COMODATO 2017”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do seu programa de actividades 2021”.

TERCEIRO.- Que se amplíe o prazo estipulado nas “Normas de peche do exercicio orzamentario 2021” (expte 73/142), aprobadas por resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, para a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións, de forma que neste caso deberán ser remitidos para a súa comprobación con data límite 30 de novembro de 2021”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO” PARA O FINANCIAMENTO DA SÚA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO EXERCICIO 2021

En Vigo, na data da sinatura dixital

## REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, Dona Alba Corral Colmeiro, titular do DNI 00802517R, na súa condición de presidenta da "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" (CIF: G-27859834) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Camelias 112, 6º A, CP 36211 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

## MANIFESTAN

*I.-A **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor, fomentar o estudio e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e e10.000 ?laborar un catálogo razoado.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**", como medio que é de ensalzar a figura do Pintor Colmeiro.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.09, como subvención nominativa, a favor da "**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**", a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.-O día 21 de outubro do 2021, o concelleiro delegado de Cultura resolveu **minorar o importe da subvención a conceder á entidade "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o financiamento da súa programación de actividades 2021, correspondéndolle en concepto de subvención a cantidade de 9.011,53 euros, dado que o custo da actividade subvencionada é de 9.011,53 euros.***





## Concello de Vigo

*IV.- A entidade interesada aceptou o dito importe de 9.011,53 euros, mediante escrito de reformulación de subvención presentado na sede electrónica o día 20.10.2021 (doc. 210212100).*

*V.-Que a “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para o financiamento da súa programación de actividades no exercicio 2021 que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.011,53 € (nove mil once con cincuenta e tres euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.011,53 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

A programación está composta de dúas partes:

##### **PRIMEIRA PARTE:**

Trátase dunha edición da obra do pintor Colmeiro dos “ debuxos da guerra” nun caderno , obra pouco coñecida polo gran publico e de escasas edicións.

**DATA:** A partir de primeiros de outubro

**SEGUNDA PARTE:**

Realización de mostra e catálogo adicadas á obra gráfica de Colmeiro, Picasso, Seoane e Vertès no Museo do Gravado de Artes (Ribeira) e na Casa das Artes de Vigo. A publicación levará o título de Un humanismo moderno: Colmeiro, Seoane, Picasso, Vertès.

**DATAS:**

A mostraxe realizarase na planta primeira-rúa Policarpo Sanz da Casa das Artes en Vigo do 21 de outubro ao 21 de novembro de 2021.

A publicación sairá para a presentación da exposición en Vigo.

**CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. GERARDO JOSÉ FENTANES RODRÍGUEZ, vicepresidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo ampliamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en



## Concello de Vigo

todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

**10.Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.011,53 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

## **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**



## Concello de Vigo

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 26 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.



## Concello de Vigo

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.





## Concello de Vigo

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 do Réximen xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime do tódolos asinantes
  - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as demais partes asinantes.

Si trascurrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados si así se previra.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### **ORZAMENTO 2021**

INGRESOS		GASTOS	
Concello	10000 €	Catálogo	4446.60 €
		Embalaxe e traslado	3171,98 €
		Material difusión	907,50
		Seguro exposición Seguro xeral	324,45 € 161 euros
TOTAIS	10000€		9011,53euros

#### **20(1036).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA. Expte. 1060/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/11/2021, asinado polo xefe de Área de Investimentos, a secretaria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

##### **a.- ASPECTOS XERAIS DA CONVOCATORIA:**

O Boletín oficial do Estado publicou o pasado 13/09/2021, Orde TMA / 957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

A importancia que o desenvolvemento destes Plans de Acción ten para o Ministerio, tanto en



## Concello de Vigo

relación coa aplicación da propia Axenda Urbana, como coa condición de reforma estrutural que implica, está acreditada coa sinatura de Protocolos que o Ministerio vén levando a cabo con algunhas Entidades Locais que se comprometeron á elaboración do seu propio Plan de Acción de acordo coa metodoloxía que propón e que, despois do correspondente proceso de identificación e selección, se postularon como verdadeiros proxectos piloto.

O obxectivo das subvencións é financiar o desenvolvemento de proxectos piloto de Plans de Acción locais da Axenda Urbana Española que garantan, nun prazo razoablemente curto, a súa aliñación cos obxectivos propostos, a metodoloxía de traballo e o enfoque transversal, estratéxico e integrado. un. O dito prazo non poderá exceder dun ano desde a publicación desta convocatoria.

Os obxectivos destes proxectos son:

- a) Proporcionar o proceso de execución da Axenda Urbana Española con Plans de Acción a escala local que permitan os obxectivos de sostibilidade social, económica e ambiental nas súas políticas específicas de desenvolvemento urbano.
- b) Poder servir como modelo e guía, como experiencias piloto, para que outras Entidades Locais interesadas poidan desenvolver os seus propios Plans de Acción con certeza e eficiencia, en termos razoablemente curtos.
- c) Dispoñer dunha serie de proxectos e accións específicas que se poidan abordar materialmente e que visibilicen o potencial da Axenda Urbana Española para traballar nas áreas urbanas de calquera municipio, independentemente do tamaño, dun xeito transversal e integrado, cunha estratexia estratéxica. visión xa a través dun modelo de goberno que garanta a participación máis ampla, independentemente do horizonte temporal previsto, das fontes de financiamento dispoñibles e da confluencia de diferentes actores.

### **b.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urgente do 11 de outubro de 2021, entre outros asuntos acordou a aprobación da “PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROGRAMA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA DE ACORDO COA ORDE MINISTERIAL TMA/957/2021”, de acordo co contido do EXPTE. 1060/441.

### **c.- RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA.**

Con data 11 de novembro, o Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, resolve adxudicar provisionalmente as axudas para a elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española as Entidades Locais que figuran en el Anexo da citada resolución e polos importe alí fixados.

No anexo.- LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no apartado 5 (entre 100.001 e 300.000 habitantes) figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

O punto segundo da citada resolución Establece un prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte a la publicación de esta proposta de resolución provisional, que se notificará tamén de maneira individualizada, ao obxecto de que se formulen as alegacións que se teñan por convinte y para comunicar, no seu caso, e en idéntico prazo, a aceptación correspondente.

Tanto a aceptación como as posibles alegacións se presentarán a través de la plataforma creada ao efecto a través del enlace: <http://sede.mitma.gob.es/>, téndose por non realizadas as que eludan o ignoren a citada vía.

## **II.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA.**

A vista dos antecedentes descritos e tendo en conta a obriga que se deriva da resolución provisional pola que se concede ao Concello de Vigo unha subvención de 250.000,00 €, para o desenvolvemento do PROXECTO PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA, presentado a citada convocatoria, debese proceder de acordo co modelo de aceptación da subvención concedida a:

- Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola referida resolución
- Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións y, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, así como por toda a normativa que lo desenvolve.

## **III.- PROPOSTA:**

A vista da resolución de data 11 de novembro, do Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, pola que se procede a adxudicar provisionalmente as axudas para la elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española, na que figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €, procede propoñer a sua aceptación. En relación coas obrigas económicas debese indicar que no marco da convocatoria queda establecido que non serán subvencionables, en ningún caso, os gastos correspondentes ao IVE de calquera das actuacións aue resulten estritamente necesarias para a consecución do obxecto da convocatoria. O concello de Vigo xa ten adxudicado a través do expediente 671/441 DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO MODELO DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA NO CONCELLO DE VIGO E O ANALISE E SEGUIMENTO DAS DISTINTAS CONVOCATORIAS E PROGRAMAS EUROPEOS E OUTRAS CONVOCATORIAS NACIONAL E INTERNACIONAIS, a execución dunha parte das actuacións propostas no plan de acción presentado polo Concello de Vigo, cunha execución mínima para o ano 2022 de 87.000,00 €, IVE incluído, polo cal coa achega prevista desta subvención se poderán executar todas as obrigas inherentes a execución do proxecto presentado que responde a seguinte previsión orzamentaria:



## Concello de Vigo

Accións	2021T		2022T			
	3T	4T	1T	2T	3T	4T
<b>1. Elaboración de Axenda Urbana e Plan de Acción Vigo “Human City” - 65.340 €</b>						
1.1. Contratación Asistencia Técnica						
1.2. Curso de formación a empregados públicos sobre a AUE						
1.3. Identificación e análise de plans e proxectos estratéxicos por áreas de servizo						
1.4. Elaboración diagnóstico DAFO da cidade de Vigo						
1.5. Formulación de retos Axenda Urbana Vigo						
1.6. Deseño de Plan de Acción da Axenda Urbana Vigo						
1.7. Deseño de plan de etapas para a avaliación e seguimento da Axenda Urbana Vigo						
1.8. Plan de implementación da Axenda Urbana Vigo. Folla de ruta cara a 2030						
1.9. Plan de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo						
1.10. Implementación accións de acordo co modelo de gobernanza e participación						
<b>2. Accións de Comunicación da Axenda Urbana de Vigo - 70.912 €</b>						
2.1. Páxina web Axenda Urbana de Vigo e redes sociais						
2.2. Pezas audiovisuais para radio e televisión para público adulto e novos						
2.3. Pezas gráficas para prensa, revistas e medios dixitais						
2.4. Talleres divulgativos: Axenda Urbana de Vigo no teu distrito						
2.5. Celebración congreso sobre a Humanización das cidades						

2.6. Participación en xornadas e eventos						
<b>3. Observatorio Urbana da Axenda Urbana de Vigo - 27.232 €</b>						
3.1. Definición e monitorización de conxunto de indicadores estratéxicos						
3.2. Definición e monitorización de conxunto de indicadores operativos						
3.3. Plan de avaliacións: inicial, intermedias, final						
<b>4. Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable de Vigo - 43.560 €</b>						
<b>5. Fortalecemento da Gobernanza Multinivel - 42.956 €</b>						
5.1. Reforzar a presenza de Vigo en redes de cidades vinculadas á Axenda Urbana de Vigo						
5.2. Accións preparatorias para a firma de pactos e/ou acordos para a adhesión de novas redes (p.ex. Contrato neutralidade climática, Adhesión ao Pacto de Alcaldes, etc.)						
5.3. Impulso dunha Cátedra sobre á Axenda Urbana e rexeneración urbana						
<b>Total de Accións 250.000 €</b>			<b>1+2+3+4+5</b>			<b>=</b>

Por todo o exposto e unha vez incorpórense ao expediente o correspondente informe xurídico e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola resolución de data 11 de novembro, do Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, pola que se procede a adxudicar provisionalmente as axudas para a elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española, na que figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

**Segundo:** Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións y, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, así como por toda a normativa que lo desenvolve.



## Concello de Vigo

**Terceiro:** Delegar na concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño a competencia para a formalización do modelo de aceptación da subvención concedida que se achega como anexo a esta proposta, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación se seguimento da mesma a través do enlace creado ao efecto: <http://sede.mitma.gob.es//>.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1037).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez